Departamento de
Lingua Galega e Literatura

IES FÉLIX MURIEL – RIANXO



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 2º ESO

2017 - 2018

# ÍNDICE


1. Introdución e Contextualización (páx.4)
   a. Introdución (páx. 4)
      i. Finalidade da ESO
      ii. Obxectivos da etapa e de 2º ESO
   b. Contextualización (páx. 12)
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais. (páx. 13)
   a. Concreción que recolle a relación entre os Estándares de aprendizaxe avaliables e as Competencias Clave
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso. (páx. 28)
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (páx. 30)
   a. Temporalización (páx. 57)
      i. Programa de Aula / 1º trimestre.
      ii. Programa de Aula / 2º trimestre
      iii. Programa de Aula / 3º trimestre
   b. Grao mínimo de consecución para superar a materia (TIL) (páx.71).
   c. Procedementos e instrumentos para avaliar os estándares (páx. 72).
      i. Cadros para a Avaliación de Coloquios e Debates
      ii. Rúbrica para a Avaliación de Exposicións Orais
      iii. Rúbrica para a Avaliación de Traballos Escritos
      iv. Rúbrica para a Avaliación da Lectura na Aula
      v. Modelo de Exame ou Proba Escrita
      vi. Criterios de Corrección para a Proba Escrita
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia. (páx. 91)

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar. (páx. 93)

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. (páx. 97)

8. Indicadores de logro para avaliar a práctica docente. (páx. 100)

9. Organización das actividades para as materias pendentes. (páx. 103)

10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. (páx. 106)

    a. Modelo de Avaliación Inicial

    b. Concreción dos estándares para a Avaliación Inicial

    c. Cadro para a Avaliación Inicial

    d. Medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados

12. Medidas de atención á diversidade. (páx. 116)

13. Concreción dos elementos transversais (páx. 117)

14. Actividades complementarias e extraescolares. (páx. 120)

    a. Actividades Complementarias

    b. Actividades Extraescolares

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. (páx. 122)

16. Integrantes do Departamento, acordo e sinatura da Programación (páx. 125)

## ANEXO

## Acordos para o Tratamento Integrado de Linguas (TIL)

# 1. INTRODUCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Lingua Galega e Literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da **competencia comunicativa** do alumnado. O seu obxectivo primordial é garantir que, ao final desta etapa educativa, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional; que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

Segundo o Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato: *A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.*

A lingua é, en consecuencia, unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas
- para adquirir novos coñecementos e entender a realidade
- para analizar criticamente a información
- para xerar e difundir ideas e opinións
- para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións

Por todo isto a nosa materia organízase en cinco Bloques de Contidos que deben atender á aprendizaxe instrumental da lingua, mais tamén ao seu coñecemento formal, así como á comprensión e valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e, finalmente, ao fomento da lectura, a través do estudo da Literatura, como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Seguindo o Decreto 86/2015, antes citado: A situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que este enfoque metodolóxico considera a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. É o que entendemos por Tratamento Integrado das Linguas (TIL). No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. *Non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.*

*Non esquezamos que si ainda somos galegos é por obra e gracia do idioma*, dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir no “por que” da situación social da lingua propia de Galicia e non só no “como” funciona esa lingua.

Mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,
- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes adquiridas a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria, a ESO debe favorecer o desenvolvemento de operacións formais, de razoamentos lóxicos e conceptuais, é dicir, debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación; mais tamén como instrumento de representación, a través da conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica; así como a conciencia da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Agora ben, o fomento do uso (procedementos) e do aprecio (actitudes) deberá constatarse, obxectivamente, na práctica e nos coñecementos teóricos (conceptos) dos alumnos e alumnas. Se ben, a variedade de contidos que o alumnado debe adquirir non son máis que un instrumento ao servizo do desenvolvemento das competencias clave e do logro dos obxectivos xerais da etapa.

En consecuencia , a aprendizaxe de Lingua e Literatura Galegas na ESO estará orientada a un triple obxectivo:

1) o progreso do alumnado no dominio das destrezas instrumentais ( escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos xa adquiridos na Educación Primaria;
2) o coñecemento histórico e a comprensión crítica da evolución e da realidade actual da lingua propia de Galicia, nun contexto multicultural e plurilingüe, posto que a identidade propia refórzase no recoñecemento da identidade das demais persoas;
3) o coñecemento da Literatura Galega (etapas, autores e obras), como

manifestación dunha cultura diferenciada e como referente para as súas propias producións.

A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, como diferenzas na intensidade coa que se traballan eses contidos. Polo tanto, **a secuenciación dos contidos non implica unha selección dos que se dan en cada curso, senón que pretende sinalar a atención e o grao maior ou menor de profundidade con que se han abordar.** Do mesmo xeito **os criterios de avaliación dos distintos cursos só se distinguirán na autonomía que os alumnos/as deberán demostrar na asimilación e uso práctico dos contidos, en función da súa madureza e de que se trate de avaliar a adquisición de novas habilidades ou a activación das vellas.**

Tendo en conta o parágrafo anterior e seguindo a LOMCE, entendemos os tres primeiros cursos da ESO como un único ciclo, no que os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e a metodoloxía serán os mesmos, só se diferenciarán en cada curso, como acabamos de sinalar, no grao de profundidade con que sexan abordados. Isto implica unha estreita colaboración entre os membros do Departamento para poder lograr unha coordinación adecuada.

Consideramos que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita débense realizar conxuntamente, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia,...) aparecen reflectidas na segunda (faltas de ortografía, falta de recursos para expresar o que se sabe, problemas de construción sintáctica e redacción...). Por isto, o traballo basearase na comprensión e expresión-produción de textos orais e escritos**,** ou o que é o mesmo, *priorizaremos a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos,* seguindo o Decreto 85/2015, xa citado.

Todas as materias do currículo de ESO precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas e os obxectivos desta materia non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua Galega e Literatura, senón

preocupación compartida por todo o equipo educativo. De aí a necesidade de traballar mediante proxectos que impliquen varias disciplinas, especialmente é preciso asegurar a coordinación do profesorado que imparte as linguas no centro, buscando sempre o fomento do plurilingüismo propio da sociedade na que vivimos. Ou, como xa sinalamos máis arriba, seguindo as indicacións do Decreto 85/2015, *a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.*

Esta Introdución, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o cap.III da LOE 2/2006, modificado pola LOMCE 8/2013; o Decreto 85/2015*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato;* o cap.V da Resolución *do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia;* así como a Orde ECD/65/2015 *por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.*

Desde este marco lexislativo queremos abordar, antes de dar remate a esta parte introdutoria, a finalidade e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, tal e como aparecen recollidos no punto 2 do artigo 22 e no artigo 23 do cap.III da LOE 2/2006, así como no título I, capítulo I, artigos 8 e 9 do Decreto 85/2015.

# • Finalidade da ESO

*A finalidade da ESO consiste en lograr que os alumnos/as adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e*

*de traballo; preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.*

*A ESO organizarase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado* (adaptacións de currículo, integración de materias en ámbitos, agrupamentos flexíbeis, desdobramentos dos grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo e programas de tratamento personalizado*).*

*Todas estas medidas estarán orientadas á consecución dos obxectivos da ESO e á adquisición das competencias correspondentes por parte de todo o alumnado e non poderán supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.*

# • Obxectivos da etapa e de 2ºESO

| ESO | 2ºESO |
|---|---|
| 1. *Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade..., exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.* | Asumir responsabelmente os seus deberes, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade..., exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural. |
| 2. *Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo...* | Desenvolver hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo... |
| 3. *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera* | Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que |

| | |
|---|---|
| *outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.* | supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. |
| *4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.* | Fortalecer as súas capacidades afectivas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos. |
| *5. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.* | Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías a información e da comunicación. |
| *6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en matérias...* | Comprender o coñecemento científico |
| *7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.* | Desenvolver a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| *8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da Literatura.* | Comprender e expresar dun xeito adecuado para o seu nivel educativo, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes de distintos tipos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da Literatura. |

| | |
|---|---|
| *9. Comprender e expresarse nunha ou en máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.* | |
| *10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.* | Coñecer e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. |
| *11. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.* | Empezar a comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas. |
| *12. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, co consumo, co coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.* | Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, desenvolver hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Iniciarse no coñecemento da dimensión humana da sexualidade e a súa diversidade. Apreciar os hábitos sociais relacionados coa saúde, co coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora. |
| *13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes* | Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes |

| | |
|---|---|
| *de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.* | de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. |
| *14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.* | Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

# CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. É esta unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Se ben, nos últimos catro anos detectamos actitudes negativas cara a lingua por parte do alumnado, consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoien o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

O contexto sociolingüístico do noso centro é galegófono no rexistro coloquial, pero atopámonos cunha maior corrección na expresión escrita en español e unha maior preferencia por realizar lecturas tamén nesa lingua. O argumento que o alumnado emprega para explicar esta situación diglósica é que aprenderon a ler e a escribir en castelán.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica *proactiva* que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da

propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados coa Historia da Lingua e a Sociolingüística, para un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos unha adecuada coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos desde a óptica da Lingua Galega como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

# 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No marco das orientacións realizadas pola Unión Europea, insístese na necesidade da adquisición das **competencias clave**. Nos últimos anos definíronse sete competencias clave esenciais, que se consideran necesarias para todas as persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. Foran incorporadas ao sistema educativo español coa LOE 2/2006 baixo o nome de competencias básicas. Agora a LOMCE 8/2013 pon o seu empeño nun modelo curricular baseado no desenvolvemento das competencias do alumnado.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial ECD/65/2015, *a competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en practicas sociais. É un "saber facer".*

A inclusión das competencias clave no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.

- Facer que os estudantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a **competencia en comunicación lingüística (CCL)**. Esta competencia refírese *á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.*

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

*En Galiza, recollendo as normas do Estatuto de Autonomía, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais: o galego, como lingua propia de Galiza, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.*

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita con outras competencias clave:

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**. A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:
  - Lectura comprensiva
  - Conversación reflexiva
  - Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas
  - Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios
  - Exposicións e conclusións sobre tarefas académicas
  - Interese pola autocorrección
  - Capacidade de auto e coavaliación

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente.

- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).** A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:
  - Obradoiros de escrita

- Lectura dramatizada de obras literarias
- Uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal)
- Uso das TIC
- Uso da Biblioteca

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, así como á súa capacidade para traballar en equipo, a través da investigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula.

- **Competencia dixital (CD).** A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- Uso de dicionarios dixitais
- Uso de correctores ortográficos
- Uso de enciclopedias virtuais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.

Dentro do currículo da materia inclúese o uso de soportes electrónicos para a exposición dos contidos por parte da persoa docente, para a presentación de traballos de investigación por parte do alumnado e para o desenvolvemento do Proxecto Lector por ambas partes.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC).** A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia. Un elemento do currículo de Lingua moi relacionado con esta competencia é a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e de aí a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempregar as funcións de comunicación e representación. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar criticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

  - Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente xornalísticos ou procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).
  - Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotiá do alumno/a.
  - Capacidade de diálogo.

Dentro do currículo da materia inclúese o desenvolvemento na aula de conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto polo turno de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro.

- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC)**. Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literiario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada se se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema... As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta

competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística e a expresividade popular:

- Visita a museos
- Participación en concertos
- Asistencia a representacións teatrais
- Proxeccións de filmes e documentais na Sala de Audiovisuais
- Realización de roteiros literarios

Dentro do currículo da materia inclúese saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais. Ademais da lectura permanente na aula de textos literarios.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**. A lingua non se aprende só para falar sobre a lingua, senón para expresar o que sabemos ou o que pensamos en relación con calquera asunto. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para desenvolver o pensamento científico:

  - Lectura de mapas
  - Comentario de gráficas
  - Interpretación de estatísticas

Dentro do currículo da materia inclúense todas estas tarefas relacionadas ou vinculadas aos contidos de Sociolingüística e Historia da Lingua.

# a) Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | **Concreción dos estándares avaliables** | Competencias clave |
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | | | |
| • LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | CCL<br>CAA | **1.Comprende e interpreta con axuda a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar un resumo respectando a coherencia e a corrección gramatical.** | **CCL<br>CAA** |
| • LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | CCL<br>CAA | | |
| • LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | CCL<br>CAA | **2.Comprende e interpreta con axuda a intención comunicativa, a idea xeral e os feitos relevantes de textos orais (instrucións, charlas, exposicións, explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas.** | **CCL<br>CAA** |
| • LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | CAA | | |
| • LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | CSC<br>CCL | **3.Coñece e aprecia estimulado@ pola persoa docente ou polos discentes as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.** | **CSC<br>CCL** |
| • LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | CCL<br>CSC<br>CSIE | **4.Coñece e aprecia estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e é quen de aplicalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE** |
| • LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | CCL | **5.Interpreta as ideas principais e secundarias de programas informativos e é quen de expresalas oralmente e de defendelas nun coloquio ou debate.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE** |
| • LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | CCL<br>CAA<br>CSIEE | **6.Interpreta a intención dunha mesma noticia en distintos medios e é quen de desenvolver oralmente un breve comentario.** | **CCL<br>CAA<br>CSIEE** |
| • LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | CSC<br>CAA | **7.Coñece estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes os prexuízos sexistas e machistas nos usos lingüísticos e é quen de rexeitalos nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.** | **CAA<br>CSC<br>CSIEE** |
| • LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | CCL<br>CAA | **8.Coñece e aprecia estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes as pronuncias correctas e é quen de autocorrixirse.** | **CCL<br>CAA** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | **Concreción dos estándares avaliables** | Competencias clave |
| • LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. | CAA | **9.Coñece estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CAA** |
| • LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | CCL<br>CCEC | **10.Produce (con escasos erros) textos orais e é quen de realizar intervencións espontáneas na variante dialectal propia e/ou planificadas adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico.** | **CCL<br>CCEC<br>CSC<br>CSIEE** |
| • LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL<br>CSC | | |
| • LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | CCL | | |
| • LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | CCL | | |
| • LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | CCL | | |
| • LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | CD<br>CAA<br>CSIEE | **11.Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes os medios de información dixitais e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións.** | **CCL<br>CD<br>CSIEE<br>CAA** |
| • LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | CD<br>CCL<br>CSC | | |
| • LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | CCL<br>CSC | **10.Produce (con escasos erros) textos orais e é quen de realizar intervencións espontáneas na variante dialectal propia e/ou planificadas adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico.** | |
| • LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | CCL<br>CSC | | |
| • LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. | CSC<br>CAA | | |
| • LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | CAA | **12.Produce (servíndose de guións e con autonomía progresiva) textos orais e é quen de desenvolverse en situacións da vida cotiá, manifestando a opinión propia, adecuando a prosodia, a pronuncia e o léxico á situación concreta de comunicación, diferenciando o rexistro formal do coloquial e autocorrixíndose.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CAA** |
| • LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | CCL<br>CSC<br>CSIEE | | |
| • LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | CLL<br>CSC | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | **Concreción dos estándares avaliables** | Competencias clave |
| • LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | CLL<br>CAA | | |
| • LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | CAA<br>CCL | | |
| • LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CCEC | | |
| • LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | CSC<br>CSIEE | | |
| • LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | CCL<br>CSC | | |
| • LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | CCL<br>CAA | | |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | | | |
| • LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | CCL<br>CAA | **13.Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo.** | **CCL<br>CAA** |
| • LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | CCL<br>CAA | **14.Coñece as distintas fontes para obter información sobre o significado das palabras e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais...** | **CCL<br>CSIEE<br>CAA** |
| • LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | CCL | | |
| • LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | CCL | | |
| • LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. | CCL<br>CAA | | |
| • LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | CCL<br>CAA | **15.Comprende e interpreta con axuda o contido de textos literarios, de textos propios da vida cotiá, de textos propios dos medios de comunicación así como de textos académicos e é quen de analizar as propias lecturas, responder a correos electrónicos, ler adecuadamente un xornal ou servirse dos textos académicos para a realización de tarefas escolares.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CAA<br>CD** |
| • LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | CCL<br>CSC | | |
| • LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | CCL<br>CSC | | |
| • LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | CCL<br>CSC | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Concreción dos estándares avaliables** | **Competencias clave** |
| • LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | CCL<br>CSC | | |
| • LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | CCL | | |
| • LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | CCL<br>CD<br>CAA | | |
| • LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | CCL | | |
| • LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | CCL<br>CAA | **16. Coñece e aprecia estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes as indicacións para a realización de tarefas e é quen de realizalas dun xeito progresivamente máis autónomo servíndose especialmente das TIC.** | **CCL<br>CSIEE<br>CAA<br>CD** |
| • LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | CCL<br>CD<br>CAA | | |
| • LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | CCL<br>CD<br>CAA | | |
| • LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | CCL<br>CSC | **17. Coñece estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes os prexuízos racistas, sexistas e machistas nos usos lingüísticos e é quen de rexeitalos nas súas producións escritas.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE** |
| • LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | CCL<br>CSC | **18. Identifica (con axuda) as posturas arredor dun asunto distinguindo a argumentación, a opinión e a información e é quen de diferencialas con sentido crítico desenvolvendo unha opinión propia nas súas producións escritas e respectando a opinión dos demais.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE** |
| • LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | CCL | | |
| • LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | CCL<br>CSC | | |
| • LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | CCL | **19. Realiza en voz alta (con escasos erros) unha lectura con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.** | **CCL** |
| • LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | CCL<br>CD | | |
| • LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | CCL | **20. Produce (con autonomía progresiva) textos escritos que cumpren coas propiedades textuais e é quen de servirse de esquemas, de adecuar o texto á situación comunicativa e de cometer escasos erros ortográficos ou de puntuación. Aplicando a autocorrección antes e despois de entregar a súa tarefa.** | **CCL<br>CSIEE<br>CAA** |
| • LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | CCL | | |
| • LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | CCL | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | **Concreción dos estándares avaliables** | Competencias clave |
| • LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | CCL | | |
| • LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | CCL | | |
| • LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | CCL<br>CD | **21.Coñece estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes o procesador de textos e é quen de servirse dun editor, dun corrector ortográfico ou de distintas aplicacións web para as súas producións textuais.** | **CCL<br>CSIEE<br>CAA<br>CD** |
| • LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | CCL<br>CD | | |
| • LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | CCL<br>CD<br>CSC | **22.Produce (con autonomía progresiva) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, literarios (narrativos e descritivos) e é quen de elaborar notas, cartas, correos electrónicos, noticias, textos expositivos, textos argumentativos, resumos, informes, explicacións, textos narrativos, textos descritivos... a partir dun modelo.** | **CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CAA<br>CD** |
| • LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | CCL<br>CD<br>CSC | | |
| • LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | CCL<br>CD | | |
| • LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | CCL<br>CD | | |
| • LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | CCL | | |
| • LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para revisar e mellorar os escritos. | CCL<br>CD | **21.Coñece estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes o procesador de textos e é quen de servirse dun editor, dun corrector ortográfico ou de distintas aplicacións web para as súas producións textuais.** | |
| • LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | CCL<br>CSC<br>CCEC | | |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | | | |
| • b<br>• g<br>• h | B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do | • As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso**. | • B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto. | • LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | • CCL | • Elaboración de esquemas | • OD<br>• C | **20.** **Produce (con autonomía progresiva) textos escritos que cumpren coas propiedades textuais e é quen de servirse de esquemas, de adecuar o texto á situación comunicativa e de** |
| | | | | • LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | • CCL | • Lectura comprensiva de distintos tipos de texto | • LA<br>• EO (1ªLec-tura)<br>• IL (2ª) | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | texto. | | | • LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | • CCL | • Elaboración de textos ben cohesionados e con corrección gramatical e ortográfica. | • C<br>• IL<br>• PE<br>• Traballos de Investi-gación | **cometer escasos erros ortográficos ou de puntuación. Aplicando a autocorrección antes e despois de entregar a súa tarefa.** |
| | | | | • LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | • CCL | | | |
| | | | | • LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | • CCL | • Corrección na aula dos textos elaborados ou producidos seguindo unhas pautas dadas. | • OD<br>• C | |
| | | | | • LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | • CCL<br>• CD | | | **21.** **Coñece estimulad@ pola persoa docente ou polos discentes o procesador de textos e é quen de servirse dun editor, dun corrector ortográfico ou de distintas aplicacións web para as súas producións textuais.** |
| | | | | • LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | • CCL<br>• CD | • Segue as indicacións dadas para a elaboración de tarefas e produción de textos | • OD<br>• C<br>• PE<br>• IL<br>• EO<br>• PI | |
| • b | B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, | • As pautas serán dadas ao longo de **todo o** | • B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos | • LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das | • CCL | • Comunicación coa persoa docente a | • Correo electró- | **22.** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| • e<br>• h | de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | **curso.**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso**. | propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | • CD<br>• CSC | través do correo electrónico do grupo e da Aula Virtual. | nico<br>• Aula Virtual | **Produce (con autonomía progresiva) textos propios das relacións sociais, dos medios de comunicación, de carácter educativo, literarios (narrativos e descritivos) e é quen de elaborar notas, cartas, correos electrónicos, noticias, textos expositivos, textos argumentativos, resumos, informes, explicacións, textos narrativos, textos descritivos... a partir dun modelo.** |
| • b<br>• e<br>• h | B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | • As pautas serán dadas no **3º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **3º trimestre**. | • B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | • LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | • CCL<br>• CD<br>• CSC | • Produción de textos imitando modelos dados. | • C<br>• PE | |
| • b<br>• e<br>• h | B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | • As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso**, agás no caso da narración, que non se realizaran até **despois de iniciar o 2º trimestre**. | • B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | • LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | • CCL<br>• CD | • Realización de tarefas e cuestionarios na Aula Virtual. | • Aula Virtual | |
| • b<br>• e<br>• h | B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | | • B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións. | • LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | • CCL<br>• CD | • Produción de textos imitando modelos dados. | • C<br>• PE | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | | | | • LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | • CCL | • Elaboración de resumos. | • C<br>• PE<br>• IL<br>• EO | |
| • b<br>• e<br>• f<br>• h | B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito. | • As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestre**. | • B2.13. Usar as TIC para contextualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos. | • LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para revisar e mellorar os escritos. | • CCL<br>• CD | • Elaboración de proxectos e traballos de investigación. | • Proxec-tos<br>• Traballos de Investi-gación (PI e EO) | **21.** |
| • d<br>• h | B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | | • B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | • LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC | | | |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | | | | | | | | |
| • b<br>• e<br>• l | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | • As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | • B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. | • LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | • CCL<br>• CCC. | • Elaboración de textos cuxo asunto xire arredor de determinados campos semánticos. | • C<br>• IL<br>• PE | **23.**<br>**Coñece (con escasas dúbidas) un léxico adecuado e é quen de servirse del para as súas producións textuais (con progresiva autonomía) en distintos contextos e rexistros.** |
| • a | B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con | • As pautas serán dadas no **2º trimestre** | • B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. | • LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente | • CCL | • Intervencións na aula | • OD | **24.**<br>**Coñece (con escasas** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| • d<br>• e | especial atención a posibles interferencias. | | | os fonemas propios da lingua galega. | • CAA | | | **dúbidas) os fonemas galegos e é quen de utilizalos.** |
| • b<br>• e<br>• n<br>• l | B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa. | • As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | • B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma. | • LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | • CCL<br>• CAA | • Cumprimento de indicacións dadas para a procura de información ou a realización dunha tarefa.<br>• Procura e selección de información en todo tipo de soportes. | • OD<br>• C<br>• IL<br>• EO<br>• PE<br>• Traballos<br>• Proxectos | **25.**<br>**Procura (con axuda) información lingüística e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía).** |
| • b<br>• e | B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. | • As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestres.** | • B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos. | • LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | • CCL<br>• CD | • Produción textual | • C<br>• OD<br>• IL<br>• EO<br>• PE | **26.**<br>**Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais (con progresiva autonomía).** |
| • b<br>• e | B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | • As pautas serán dadas ao longo de todo o curso.<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | • B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | • LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | • CCL | • Elaboración de textos ben cohesionados e con corrección gramatical e ortográfica.<br>• Corrección na aula dos textos elaborados ou producidos seguindo unhas pautas dadas. | • C<br>• OD<br>• IL<br>• PE<br>• Traballos<br>• Proxectos<br>• TV | |
| | | | | • LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | • CCL | | | |
| • e | B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión | | • B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa | • LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a | • CCL | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | textual. | | cohesión textual. | cohesión textual. | | | | |
| • b<br>• e | B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. | • As pautas serán dadas para sustantivos e adxectivos no **1º trimestre**<br>• As pautas serán dadas para pronomes, verbos e adverbios no **2º trimestre**<br>• As pautas serán dadas para artigos, demostrativos, numerais, indefinidos, posesivos, preposicións e conxuncións no **3º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | • B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais. | • LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | • CCL<br>• CAA | • Análise na aula de textos nos que identificar cada clase de palabra. | • OD | **27.** **Recoñece as clases de palabras e é quen de diferenciar as variables das non variablese utilizar adecuadmaente substantivos e verbos (con progresiva autonomía).** |
| | | | | • LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | • CCL<br>• CAA | • Creación de textos | • C<br>• IL<br>• EO<br>• Traballos<br>• TV<br>• Proxectos<br>• PE | **28.** **Crea (con autonomía progresiva) textos con estilo propio e é quen de recoller nas súas producións técnicas literarias.** |
| • e<br>• h | B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | • As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º e 3º trimestres.** | • B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | • LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | • CCL<br>• CAA | • Elaboración de textos ben cohesionados e con corrección gramatical e ortográfica.<br>• Corrección na aula dos textos elaborados ou producidos seguindo unhas pautas dadas. | • C<br>• IL<br>• EO<br>• Traballos<br>• TV<br>• Proxectos<br>• PE | **27.** |
| | | | | • LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | • CCL | | | **21.** |

**Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso**

| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| • e<br>• h | B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da **frase** para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto. | | • B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados cohesionados e correctos. | • LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | • CCL | | | |
| • e | B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. | • As pautas serán dadas no **1º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | • B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe. | • LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | • CCL<br>• CAA | • Corrección na aula dos textos elaborados ou producidos seguindo unhas pautas dadas. | • OD | **29.**<br>**Recoñece (con escasas dúbidas e autonomía progresiva) erros nas producións textuais orais e escritas e é quen de autocorrixirse e autoavaliarse.** |
| • b<br>• e<br>• h | B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | • As pautas serán dadas cando xurda a necesidade de desenvolver un proxecto. No cas.o dos Traballos de Investigación, no comezo de cada trimestre<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse no momento en que se desenvolva o proxect**o.** | • B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | • LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | • CCL<br>• CAA | ✓ Desenvolvemento do Proxecto e/ou Traballo de Investigación.<br>✓ Participación nos Proxectos do ENDLG<br>✓ Seguemento das indicacións dadas nas tarefas deseñadas para o Tratamento Integrado de Linguas | • Proxectos<br>• Traballos<br>• TV<br>• Elaboración (realización adecuada de todos os instrumentos de avaliación) | **30.**<br>**Participa (de xeito guiado) en proxectos para o desenvolvemento TIL e é quen de utilizar varias linguas e relacionalas lingüística e culturalmente, desenvolvendo a súa competencia plurilingüe para aproveitar os coñecementos nunha desas linguas na produción de textos de calquera outra.** |
| • b | B3.12. Identificación e progresiva | • As pautas serán dadas no **1º trimestre** | • B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de | • LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos | • CCL | • Seguemento das indicacións | • Elaboración | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| • e | utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | • As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo de **todo o curso.** | uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | • CAA | deseñadas para o Tratamento Integrado de Linguas | de Tarefas . | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | | | | | | | | |
| • ñ<br>• o | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br><br>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br><br>B4.3. A lusofonía. | • As pautas serán dadas para **o plurilingüismo** no **1º trimestre**; para as **Linguas do Estado español**, no **2º trimestre** e para a **Lusofonía,** no **3º trimestre.**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **1º , 2º E 3º trimestres.** | • B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. | • LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | • CCL | • Elaboración dun traballo arredor da situación do galego no mundo. | ✓ R (Debate)<br>✓ OD<br>✓ R (PI)<br>✓ R (EO)<br>• Proxectos<br>• Traballos<br>• PE | **31.** **Valora a propia lingua como instrumento para aprender a aprender e como símbolo da identidade dun pobo a través da literatura de tradición oral e é quen de interpretar manifestacións do xénero humorístico para desenvolver esta actitude e loitar contra os prexuízos.** |
| | | | | • LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | • CCL<br>• CSC | • Elaboración dun traballo arredor da situación do galego en distintos ámbitos. | • Traballos | |
| | | | | • LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | • CCL<br>• CSC | • Elaboración dun traballo arredor da situación do galego en España. | • Traballos | **32.** **Coñece as linguas que se falan en España e as distintas linguas chegadas a Galicia a través da** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | | | | • LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | • CCL | • Elaboración dun traballo arredor do plurilingüismo. | • Traballos | **inmigración, así como a vinculación do galego e do portugués a través da Lusofonía é quen de utilizalar indistintamente galego e castelán, aproximándose ao portugués a partir da lingua propia e respectando o plurilingüismo.** |
| | | | | • LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | • CCL<br>• CCEC | • Elaboración dun traballo arredor da Lusofonía. | • Traballos | |
| | | | | • LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | • CCL<br>• CCEC<br>• CD | • Participación nos dous proxectos do ENDLG relacionados coa música e co cinema galegos (Music.gal e Curtas.gal) | Proxectos TV | **33.**<br>**Coñece (a través do ENDLG) recursos en rede de lecer en lingua galega e é quen de achegarse a eles dun xeito cada vez máis autónomo.** |
| • ñ<br>• o | B4.4. Situación sociolingüística do galego. | ▪ As pautas serán dadas no inicio do **3º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **3º trimestre** | • B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | • LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | • CCL | • Elaboración dun traballo arredor da situación do galego en Rianxo.<br>• Elaboración dunha Ficha de investigación arredor dos antropónimos galegos que se conservan na súa contorna. | Traballos | **34.**<br>**Interpreta (a través do seu contexto familiar e con axuda da persoa docente) a situación socilingüística de Galiza e é quen de analizala criticamente dun xeito cada vez máis autónomo .** |

**Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso**

| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | • LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | • CCL | | | **35.** **Coñece (con axuda da persoa docente) os antropónimos e topónimos galegos e é quen de analizar criticamente a súa desgaleguización e colaborar (por medio do ENDLG) na súa regaleguización sendo consciente dun xeito cada vez máis autónomo da necesidade de normalización da lingua galega.** |
| • ñ<br>• o | B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | | • B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | • LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | • CCL<br>• CSC | • Participación e/ou colaboración cos proxectos do ENDLG | Proxectos | |
| | | | | • LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | • CCL<br>• CSC | | TV | |
| • ñ.<br>• o. | B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. | • As pautas serán dadas no inicio do **2º trimestre**<br>• As actividades prácticas ou situacións de aprendizaxe realizaranse e xeraranse ao longo do **2º trimestre.** | • B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español. | • LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | • CCL<br>• CSC | • Procura en internet da lexislación lingüística vixente<br>• Elaboración de textos exposittivos arredor da lexislación europea, española e galega en relación cos dereitos lingüisticos. | • C | **36.** **Coñece (con axuda da persoa docente) a lexislación que regula os dereitos lingüísticos e é quen de analizar criticamente a situación de minorización do idioma galego.** |
| • ñ<br>• o | B4.7. Prexuízos lingüísticos. | • As pautas serán dadas no inicio do **1º trimestre**<br>• As actividades prácticas realizaranse **ao longo de todo o curso..** | • B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | • LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do | • CCL<br>• CSC | • Tarefa arredor de ***En galego, por que non?*** | • Proxec-tos<br>• Traball os | **37.** **Coñece os prexuízos lingüísticos e é quen de identificalos e analizalos criticamente a través de manifestacións do** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | | | | seu contorno. | | | | **xénero humorístico e desenvolver unha actitude contraria aos prexuízos.** |
| • ñ<br>• o | B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | • As pautas serán dadas no inicio do **2º trimestre**<br>• As actividades prácticas realizaranse no final do **2º trimestre.** | • B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia. | • LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | • CCL | • Identificación e clasificación de distintos textos segundo o rexistro, nivel ou bloque dialectal ao que pertenzan.<br>• Comentario espontáneo no blogue de aula arredor dalgunha proxección que mostre prexuízos lingüísticos referidos á gheada ou ao seseo. | • OD<br>• C<br>• PE | **38.**<br><br>**Coñece (coa axuda da persoa docente) as variedades diatópicas, diafásicas e diastráticas do galego e é quen de identificalas en distintos textos, ademais de rexeitar os prexuízos xerados arredor delas dun xeito cada vez máis autónomo, servíndose da súa propia variedade dialectal, se a posúe.** |
| | | | | • LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | • CCL | | | |
| | | | | • LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | • CCL | | | |
| | | | | • LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | • CCL<br>• CSC | | | |
| **Bloque 5. Educación literaria** | | | | | | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| • h<br>• l | B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | • As pautas para a lectura que se realizará na aula serán dadas no inicio do **1º trimestre.**<br>• As pautas para as lecturas de fóra da aula daranse ao inicio de cada trimestre.<br>• As actividades prácticas realizaranse ao longo de todo o curso**.** | • B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | • LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | • CCL | ✓ Realización de dúas lecturas por trimestre.<br>✓ Lectura diaria na casa durante 1h. dunha obra escollida polo alumno/a das que figuran no Proxecto Lector do Departamento<br>✓ Elaboración de informes, presentacións, exposicións ou diversos produtos artísticos que ilustren a interpretación desas lecturas. | • LA<br>• EO (1ª lectura)<br>• IL (2ª lectura)<br>• TV | **39.** **Realiza lecturas dentro e fóra aula de poemas, relatos ou novelas e é quen de comprendelas e comentalas dun xeito cada vez máis autónomo.** |
| | | | | • LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | • CCL | ✓ Conversión dun relato nunha noticia xornalística<br>✓ Conversión dun poema nunha narración ou nunha descrición | • C<br>• PE | **40.** **Coñece as diferenzas entre os textos literarios (narrativos, poéticos e teatrais) e non literarios e é quen de explicalas dun xeito cada vez máis autónomo.** |
| • h<br>• l | B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. | • As pautas serán dadas no inicio do **3º trimestre**<br>• As actividades prácticas realizaranse ao longo do **3º trimestre.** | • B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos | • LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | • CCL | ✓ Lectura na aula<br>✓ Lectura na casa | • LA<br>• IL (2ª)<br>• PE<br>• TV | **41.** **Analiza tras unha lectura comprensiva textos literarios (poéticos, narrativos e dramáticos) e é quen de explicar as súas características dun** |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | | | estilísticos. | | | | | **xeito cada vez máis autónomo.** |
| • h<br>• l | B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | • As pautas serán dadas no inicio do **2º trimestre**<br><br>• As actividades prácticas (comentario e produción de textos propios) realizaranse ao longo de **todo o curso.** | • B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | • LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | • CCL | | • OD<br>• EO<br>• IL<br>• PE<br>• TV | |
| • h<br>• l | B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | | • B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | • LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | • CCL | | • OD<br>• LA | |
| • h<br>• l | B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | | • B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | • LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | • CCL | • Análise de textos | • C<br>• PE<br>• IL<br>• TV | • **40**<br>• **41** |
| | | | | • LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | • CCL | • Análise de textos | • C<br>• PE<br>• IL<br>• TV | |
| • h<br>• l | B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos | | • B5.6. Analizar textos literarios, de maneira | • LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira | • CCL | | | |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | **Temporalización** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen-cias clave | **Procedementos de avaliación** | **Instrumen-tos de avaliación** | **Concreción dos Estándares Avaliables** |
| | trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | | guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | | | | |
| • h<br>• l<br>• n | B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | | • B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | • LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | • CCL<br>• CCEC | • Creación textual | • TV | **42.**<br>Produce (de xeito guiado) **poemas ou relatos sinxelos e** **é quen de servirse de recursos literarios dun xeito cada vez máis autónomo.** |
| • h<br>• l<br>• n | B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | • Pautas e actividades desenvolveranse no final do **3º trimestre.** | • B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | • LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | • CCL<br>• CCEC | • Análise dunha curtametraxe | • OD<br>• C<br>• TV | **43.**<br>Coñece (de xeito guiado) **os trazos básicos da linguaxe cinematográfica e** **é quen de interpretar e comentar unha curtametraxe dun xeito cada vez máis autónomo.** |
| | | | | • LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | • CCL<br>• CCEC | | | |
| • e<br>• h<br>• l | B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | • As pautas serán dadas no **2º trimestre**<br>• As actividades prácticas realizaranse no **2º e 3º trimestre.** | • B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | • LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | • CCL<br>• CD | • Cumprimento de indicacións dadas para a procura de información ou a realización das tarefas. | • OD<br>• Proxec-tos<br>• Traball os<br>• Elabor a-ción | **44.**<br>Coñece (de xeito guiado) **as bibliotecas escolares e as virtuais e** **é quen de procurar información nelas dun xeito cada vez máis autónomo.** |

De todos os estándares avaliables consideramos dous absolutamente fundamentais, dada a situación social na que se atopa a lingua propia de Galicia. Estes estándares avaliables consideramos que deben estar presentes en todo momento, de xeito transversal, como marco e contexto para o resto dos estándares. Por iso os extraemos do cadro e lles damos unha importancia maior, cun peso do 10% no conxunto da materia. Trátase dos estándares:

***LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.***

***LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.***

Estes estándares concretaranse en situacións de aprendizaxe real, nas que o alumno/a deberá demostrar o seu compromiso coa normalización e dinamización da lingua galega mediante o uso habitual do galego, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual, na súa relación co profesorado de LGL e nas actividades do EDLG. Este estándar avaliarase por **Observación Directa** e suporá un **10% da nota da materia**, pois trataríase de desenvolver as competencias clave (especialmente a CCL) en lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Ningún alumno/a está obrigado/a a realizar esta tarefa e calquera alumno/a que non a realice poderá obter igualmente un Sobresaliente na materia, se ben non poderá obter un 10, pois non cumpriría co estándar avaliable de maior importancia para a supervivencia da nosa lingua.

# a) Temporalización

O Decreto 85/2015 que desenvolve o currículo para a ESO sinala os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura e distribúe eses contidos en cinco bloques, como xa recollemos máis arriba. Á hora de organizar eses contidos e levalos á práctica docente cotiá resulta imprescindíbel que o alumnado encontre sentido ao traballo que debe realizar. Para iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe será necesario presentarlle ao alumnado os contidos que se van traballar, as actividades que se van realizar, os obxectivos que se perseguen e os critrios de avaliación de que se servirá a persoa docente. Isto levarase a cabo a través das **Programacións de Aula**, que serán entregadas ao alumnado no inicio de cada trimestre e que conterán os **Estándares mínimos** para ese trimestre.

Ao inicio de cada trimestre a persoa docente entregará e explicará un **Programa de Aula**, no que se recollerán os contidos que se abordarán ese trimestre e as tarefas que arredor deles se realizarán e que servirán como instrumentos de avaliación, así como a temporalización das mesmas e o seu peso na avaliación da materia. Os obxectivos deses Programas de Aula son:

- que o alumnado organice mellor o seu proceso de aprendizaxe e distribúa mellor o seu tempo
- que o alumnado saiba o que o profesor/a espera del en cada momento
- que o alumnado entenda que está a aprender e para que o ten que aprender
- que o alumnado se sinta guiado no seu proceso de aprendizaxe

Os contidos serán levados á aula a través de recursos creados pola persoa docente e co apoio do **Libro de Texto do Consorcio Editorial Galego**.

# Programa de Aula 2ºESO / 1º trimestre

**0. Avaliación Inicial.**

**1. Comunicación oral**: Escoita activa e intervencións adecuadas. **(40%)**

- Atención para unha correcta interpretación das indicacións e pautas dadas para o labor de aula.
- Atención para unha correcta comprensión das explicacións dadas arredor dos contidos conceptuais relativos ao Funcionamento da Lingua, así como á Lingua en sociedade e á Literatura.
- Participación adecuada, respectando as quendas de palabra e solicitando permiso para intervir.
- Participación coidada, procurando un uso correcto da lingua galega así como o respecto polas súas variedades dialectais.

Os 4 apartados anteriores avaliaranse a través dos seguintes Instrumentos:

- **Observación directa das intervencións espontáneas e/ou preparadas para participar en coloquios e/ou debates**. **(10%)**
- **Rúbrica para a Exposición oral do Traballo de Investigación**. **(10%)**
- **Rúbrica para a Lectura de *Alicia no país das marabillas...* (10%)**
- **Rúbrica para o comentario de *Alicia no país das marabillas...* (10%)**

**2. Comunicación escrita**: Comprensión e produción de textos. **(50%)**

- Comprensión das **Unidades Didácticas e/ou Actividades** entregadas pola persoa docente, destinadas á produción de textos centrados nas técnicas de estudo e aprendizaxe (esquemas, resumos, definicións, informes…).
- Comprensión da **Tipoloxía textual** dos diversos textos sobre os que se traballe academicamente (especialmente novas dos xornais, relatos, poemas...).
- Utilización práctica nas tarefas académicas cotiás das técnicas de estudo aprendidas.

Os 3 apartados anteriores avaliaranse a través dos seguintes Instrumentos:

- **Criterios de Corrección para a Produción de textos de diversa**

**tipoloxía seguindo modelos dados, así como a realización de Actividades referidas aos mesmos**. **(10%)**

- **Rúbrica para a avaliación do Traballo de Investigación**. **(10%)**
- **Criterios de Corrección para a Proba escrita**. **(30%)**

**3. Funcionamento da lingua**: Aprendizaxe ortográfica, léxica e gramatical, partindo da lectura de ***Alicia no país das marabillas***, **Lewis Carroll.**

Este apartado avaliarase a través dos instrumentos sinalados nos dous primeiros apartados.

**4. Lingua e sociedade**: **Traballo de Investigación*.***

- Investigación, servíndose das TICs, arredor do multilingüismo e do multiculturalismo da nosa sociedade.
- Elaboración, servíndose das TICs, dun **Traballo de Investigación** arredor da cultura galega: ***As festas populares e tradicionais***

Este apartado avaliarase a través dos instrumentos sinalados nos dous primeiros apartados.

**5. Educación literaria**:

- Lectura e comentario na aula da obra de Lewis Carroll que dá título ao proxecto: ***Galicia o país das marabillas***
- Traballo na aula arredor d**os textos literarios narrativos e poéticos** (contos e lendas; cantigas e cancións)***.***

Este apartado avaliarase a través dos instrumentos sinalados nos dous primeiros apartados.

**TAREFAS VOLUNTARIAS** (para subir nota, unha vez acadado o 5)

- Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a.
- Investigación fóra da aula arredor de distintos aspectos da cultura, da lingua, da literatura e da sociedade galega proposta polo alumno/a.
- Colaboración co ENL
- Compromiso coa normalización da lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Trátase de realizar un uso habitual, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual; coa fin de dar cumpreimento ao estándar avaliable que consideramos básico para a nosa materia: ***LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e***

***como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.*** **(10%)**

As dúas primeiras tarefas poderán avaliaranse a través de: **Exposición oral** na aula, **Informe**, **Presentación Informática**, **Creación Artística** ou **Cuestionario na Aula Virtual**. A última tarefa avaliarase por **Observación Directa**.

## Contidos 2ºESO / 1º trimestre

1. As novas de actualidade, crónicas, reportaxes e documentais.
2. A escoita activa, crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias
3. Produción de discursos orais adecuados, coherentes, cohesionados, cunha fonética e prosodia correctas, en intervencións espontáneas.
4. Participación activa en situacións que xeren intercambio de opinión.
5. As técnicas de análise do contido para interpretar todo tipo de textos. Estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos...
6. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados.
7. Os usos lingüísticos discriminatorios.
8. A selección de información nas bibliotecas e nas TIC.
9. A autocorrección
10. A comunicación escrita. Produción de textos de distinta tipoloxía.
11. A fonética e a fonoloxía do galego, con atención a posibles interferencias.
12. As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. A puntuación
13. Os proxectos, o TIL e os contidos transversais.
14. A coavaliación e a autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
15. As linguas como medios de relación e sinal de identidade dun pobo.
16. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
17. A situación sociolingüística do galego.
18. As variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.
19. Os diferentes xéneros e subxéneros literarios
20. Lectura (expresiva e comprensiva) e Análise de textos literarios .

# Estándares avaliables 2ºESO / 1º trimestre

***0. LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.***

1. Comprende e interpreta con axuda a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (medios de comunicación) e é quen de elaborar un resumo respectando a coherencia e a corrección gramatical.
| **PRESENTA-CIÓN**<br><br>**(2 ptos.)** | **Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor. O traballo incluirá obrigatoriamente (sexa na portada ou como encabezamento) a seguinte información: Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación á que pertence o exercicio.**<br><br>**As follas que se entreguen deben estar escritas por unha soa cara e obrigatoriamente unidas con grampas.** | Os traballos e/ou tarefas foron entregados escritos a bolígrafo azul ou negro.<br>O traballo inclúe na portada ou como encabezamento: Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación á que pertence o exercicio.<br><br>O traballo entregouse en folios escritos por unha soa cara e grampados. | Os traballos e/ou tarefas foron entregados escritos a bolígrafo dunha cor semellante á azul ou á negra.<br>O traballo inclúe na portada ou como encabezamento: Título, nome e curso do alumno/a.<br>O traballo entregouse en folios escritos por unha soa pero erroneamente grampados. | Os traballos e/ou tarefas foron entregados a bolígrafo de cores distintas a azul ou negra.<br>O traballo inclúe na portada ou como encabezamento: Título ou nome do alumno/a.<br>O traballo entregouse en folios escritos por unha soa cara ou grampados. | Os traballos e/ou tarefas foron entregados a lapis.<br>O traballo non inclúe na portada ou como encabezamento a información solicitada.<br>O traballo non se entregou en folios escritos por unha soa cara nin grampados. |
| | **Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm) pois dan limpeza ao escrito e permiten facer anotacións ao profesor. Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio, para o cal é aconsellable o uso de padróns. Os parágrafos deben estar sangrados. Débese coidar a letra e a limpeza na presentación definitiva. Requírese que a letra sexa lexible.** | O traballo presenta marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm) e está realizado con limpeza. Garantindo a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio. Os parágrafos están sangrados.<br>O traballo preséntase con limpeza e cunha boa caligrafía. | O traballo presenta marxes: inferior, superior, dereita e esquerda e está realizado con limpeza. As liñas están aliñadas horizontalmente no folio. Os parágrafos están sangrados.<br>O traballo preséntase con boa caligrafía pero non totalmente limpo. | O traballo presenta marxes e está realizado con limpeza. As liñas están aliñadas horizontalmente no folio ou Os parágrafos están sangrados.<br>O traballo presenta unha caligrafía e un aspecto pouco coidado. | O traballo só presenta unha ou ningunha das características solicitadas.<br>O traballo presenta unha letra ilexible. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **EXPRESIÓN**<br><br>**(4 puntos)** | **Adecuación e estrutura (A estrutura indicarase para cada tipo de texto. Nun traballo de investigación será: Portada, índice, introdución, desenvolvemento, conclusión e fontes)** | O traballo desenvolve todos os puntos necesarios de xeito adecuado, respectando a estrutura externa do tipo de texto. | O traballo só desenvolve a metade dos puntos de xeito adecuado. | O traballo só desenvolve algúns puntos adecuadamente. | O traballo non se desenvolve adecuada mente. |
| | **Coherencia e Cohesión** | Os parágrafos resultan coherentes e empréganse marcadores discursivos apropiados e variados. | Algúns parágrafos non están ben estruturados. Empréganse marcadores simples. | Moitos parágrafos non están ben estruturados e utiliza 1-2 marcadores ao longo do texto. | Os parágrafos están mal estruturado s e non emprega marcadore s . |
| | **Corrección gramatical (10 erros = 0)** | Non presenta erros gramaticais. | Presenta varios erros gramaticais aínda que non de forma reiterados. | Presenta numerosos erros gramaticais que dificultan a comprensión. | Presenta erros gramaticais constantes que afectan á comprensió n |
| | **Corrección ortográfica (20 faltas = 0)** | Non presenta erros ortográficos. | Presenta varios erros ortográficos | Presenta numerosos erros ortográficos. | Presenta erros ortográfico s constantes. |
| **CONTIDOS**<br><br>**(4 puntos)** | **Desenvolvemento dos contidos** | Desenvolve todos os puntos necesarios con contido relevante e léxico apropiado. | Desenvolve a metade dos puntos necesarios con información relevante e léxico apropiado. | Desenvolve menos da metade dos puntos necesarios ou o seu contido non é relevante. Pobreza léxica. | O traballo carece de información relevante. |
| | **Estrutura interna** | Reparte os contidos respectando a estrutura interna deste tipo de textos. | O traballo presenta algún apartado ou subapartado moi breve ou mal dividido. | O traballo presenta varios apartados ou subapartados moi breves e mal divididos. | O traballo non presenta apartados nin subapartad os. |
| | **Introdución** | O traballo comeza cunha introdución na que se presenta e contextualiza o asunto a tratar. | Acaba o traballo cunha conclusión na que resume a idea principal e expón as consecuencias en 5 liñas. | A conclusión é demasiado extensa / breve e as consecuencias son tópicos. | Acaba cunha conclusión xenérica. |
| | **Conclusión** | Acaba o traballo cunha conclusión na que resume a idea principal e expón as consecuencias en 5 liñas. | A conclusión é demasiado extensa / breve e as consecuencias son tópicos. | Acaba cunha conclusión xenérica. | O traballo carece de conclusión. |
| **OBSERVACIÓN** | No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, isto provocará unha diminución proporcionada da valoración global do texto, traballo ou tarefa. | | | | |

# Rúbrica para a Avaliación da Lectura na Aula

**RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA LECTURA NA AULA**

**ALUMNO/A** **CURSO-GRUPO** **AVAL.**

| CRITERIOS | MOI BEN | BEN | REGULAR | MAL |
|---|---|---|---|---|
| **Velocidade** | 100 palabras / 10’ - 25’ | 100 palabras / 25’ - 40’ | 100 palabras / 40’ - 50’ | 100 palabras / 50’ - 60’ |
| **Fluidez** | Le sen silabar e sen saltar palabras ou liñas. O seu discurso resulta fluído e natural. | O seu discurso resulta fluído e natural, pero tropeza nalgunha palabra. | O seu discurso é pouco fluído e natural. Tropeza varias veces en determinadas palabras. | O seu discurso carece por completo de fluidez e naturalidade. Tropeza continuamente. |
| **Pronuncia** | Pronuncia correctamente todos os fonemas. | Pronuncia incorrectamente algún fonema de maneira puntual. | Pronuncia incorrectamente algunhas palabras repetidas veces. | Pronuncia incorrectamente. |
| **Volume** | Volume adecuado ao espazo e ao contido. Le o suficientemente forte, sen chegar a berrar. Sabe proxectar a súa voz. | Volume adecuado, aínda que oscila subindo e baixando a voz. | Volume pouco adecuado porque sobe ou baixa a voz excesivamente, ou ben óese fragmentariamente, dificultando a comprensión. | Volume inadecuado, pois resulta inaudible, até o punto de imposibilitar a comprensión. |
| **Entoación** | Le respectando os tempos adecuados para cada signo de puntuación, entoando adecuadamente a exclamación e a interrogación, ademais dos enunciados en xeral. | Le respectando a puntuación, entoando a exclamación e a interrogación, ademais dos enunciados en xeral; se ben non sempre o fai dun xeito adecuado. | Le case sen entoación ou cun ton en exceso monótono. | Le sen entoación ou cunha entoación inadecuada que dificulta ou mesmo imposibilita a comprensión. |
| **Dramatización** | Demostra comprender o que está a ler a través da súa dramatización. Modula a voz para marcar o cambio de personaxes ou narradores. | Dramatiza a súa lectura, pero non sempre o logra dun xeito adecuado. | Tenta dramatizar o que le, pero non o consegue adecuadamente ou cae na dramatización tópica, sen entender o que está a ler. | Le sen comprender o que le e sen dramatizalo. |
| **Atención** | Presta atención e continua a lectura adecuadamente. | Presta atención, pero continúa a lectura de calquera xeito. | Continúa a lectura pero non  no mesmo lugar nin dun xeito adecuado ou despístase e pide axuda para seguir. | Non presta atención e non sabe seguir a lectura. |
| **AUTOAVALIACIÓN:** | | **COAVALIACIÓN:** | | **AVALIACIÓN:** |

# Modelo de Exame ou Proba Escrita

**TEXTO**

**Cada dúas semanas morre unha lingua**

En menos dun século desaparecerán máis da metade das sete mil linguas que se falan no mundo. En colaboración co instituto a prol das linguas en perigo, a publicación National Geographic está a realizar un proxecto de documentación, para identificar os lugares do mundo onde a situación é máis crítica. Cada catorce días, apuntan, unha lingua morre. Segundo este dato, calculan que para 2010 probabelmente desaparecerán máis da metade das sete mil que se falan no mundo -algunhas sen testemuña escrita ou audiovisual ningunha- e con elas a sabedoría acumulada dos seus pobos.

O proxecto de National Geographic, ademais de identificar os puntos críticos, traballa en plans de revitalización destas linguas que esmorecen, como por exemplo a implantación de programas de aprendizaxe para os cativos en idade escolar.

Porén, afirman que o éxito destes plans depende do grao de implicación dos estados. Así, salientan como positivo o traballo feito co hawaiano, co maorí e co hebreo, e avogan polo uso das novas tecnoloxías para acadar resultados máis positivos.

Fonte: xornal dixital *Vieiros.*

**CUESTIÓNS:**

1. Explica e comenta o texto anterior (resúmeo brevemente, indica o seu tema, ponlle un novo título, expón a túa opinión ao respecto da información que dá o texto) **(2 ptos.)**

2. Xustifica a que tipo de texto pertence o anterior (artigo de opinión, editorial, artigo de información). A través do mesmo, explica a diferenza entre textos informativos e textos valorativos. **(1 pto.)**

3. Explica con cal dos seguintes conceptos está relacionada a seguinte imaxe: plurilingüismo, bilingüismo, lingua minorizada, lingua minoritaria, ecoloxía das linguas, diversidade lingüística. **(0'5 ptos.)**



4. Elabora un texto expositivo dunha extensión de 20 liñas, baixo o título: ***As linguas do Estado Español.*** **(1 pto.)**




5. Identifica as clases de palabras do seguinte fragmento: **(2 ptos.)**

***En colaboración co instituto das linguas en perigo, National Geographic realiza un proxecto, para identificar os lugares onde isto é máis crítico.***

6. A través dos seguintes exemplos, explica a diferenza entre: ***sílaba*** e ***morfema***. **(1 pto.)**

Mar ti na      ne nos      alumn a s      costur eir a

7. **Anali**za morfoloxicamente: ***gatas*** e ***facilmente***. **(2 ptos.)**

| | | |
|---|---|---|
| Segmentación | | |
| Identificación dos morfemas | | |
| Clasifcación dos morfemas | | |
| Clasificación da palabra | | |

8. Tendo en conta o labor realizado ao longo deste trimestre en torno aos distitntos tipos de texto e atendendo ao contido do seguinte fragmento, explica, a través dunha definición adecuada, que é un **mito.** **(0'5 ptos.)**

## A lenda de Breogán.

Conta a lenda que Breogán foi un rei de Galiza, que fundou unha torre a que lle chamou "Tor Breogán" para a vixilancia do seu pobo.

Breogán tivo 10 fillos, Ith un deles subía moi a miúdo a torre, e un día puído ver unha illa e foillo dicir a seu pai, pero ninguén llo críu, ata que un día os seus amigos créronlle e axudáronlle a botar a barca ao mar. Ith chegou á illa chamada Eirín e, cando quixo conquistar a illa, os irlandeses intentaron asasinalo. Ith chegou a Brigantia ferido de morte e faleceu. Entón foi cando os seus sobriños acordaron vingar a súa morte e conquistaron Irlanda, a illa Eirín ... ( da que se di que foi conquistada por homes idos de Galiza).

# Criterios de Corrección para a Proba Escrita

1. **COMENTARIO DE TEXTO (2).**
    a. Resumo que recolla as cinco ideas fundamentais do texto (+25)
    b. Palabra ou frase que indique o tema e xustificación da escolla (+0’25)
    c. Título adecuado (centrado no texto, non xenérico, non longo, chamativo e orixinal) (+0’25)
    d. Opinión persoal arredor das ideas do texto (sostido por dous argumentos como mínimo) (+0’25)
    e. Respecto polas propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e a corrección (ortográfica e gramatical) textuais. (+1).
    Cada erro restará un -0’1, até un máximo de -1

2. **TIPO DE TEXTO (1).**
    a. Xustificación de por que o texto é xornalístico (até 2 razóns) (+0’2)
    b. Indicación do subxénero xornalístico (+0’1)
    c. Xustificación a través do texto se se trata de información ou opinión (até 2 razóns) (+0’2).
    d. Respecto polas propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e a corrección (ortográfica e gramatical) textuais. (+0’5).
    Cada erro restará un -0’1, até un máximo de -0’5

3. **DESCRICIÓN E INTERPRETACIÓN DUNHA IMAXE (0’5)**
    a. Descrición (expresión) adecuada da imaxe (+0’2)
    b. Interpretación (comprensión) do concepto sociolingüístico relaionado con esa imaxe (+0’2)
    c. Respecto polas propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e a corrección (ortográfica e gramatical) textuais. (+0’1)
    Cada erro restará un -0’1, até un máximo de -0’1

4. **ELABORACIÓN DUN TEXTO EXPOSITIVO (1).**
    a. Respecto pola estrutura e a forma dos textos expositivos (até 0’3).
    b. Desenvolvemento das ideas principais arredor do tema escollido (+ 0’3).
    c. Respecto polas propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e a corrección (ortográfica e gramatical) textuais. (+0’4)
    Cada erro restará un -0’1, até un máximo de -0’4

5. **IDENTIFICACIÓN DAS CLASES DE PALABRAS (2).**
    a. Cada palabra mal identificada suporá un -0’1.
6. **XUSTIFICACIÓN DA DIFERENZA (1)**
    a. Indicación da diferenza entre sílabas e morfemas (+0’4)
    b. Escolla adecuada dos exemplos que sosteñan a afirmación (+0’2)
    Cada exemplo mal escollido penalizará cun -0’1
    c. Respecto polas propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e a corrección (ortográfica e gramatical) textuais. (+0’4)
    Cada erro restará un -0’1, até un máximo de -0’4
7. **ANÁLISE MORFOLÓXICA (2)**
    a. Realización correcta de cada apartado da análise para cada unha das palabras (+0’25)
8. **DEFINICIÓN ADECUADA (0’5)**
    a. Ben elaborada (os subst. defínense iniciando a definición por un subst. Os verbos, por un vbo…) (+0’1)
    b. Que explique, sen necesidade de exemplos nin sinónimos (+0’1)
    c. Que non reproduza algo “chapado” pero non comprendido (+0’1)
    d. Respecto polas propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e a corrección (ortográfica e gramatical) textuais. (+0’2)
    Cada erro restará un -0’1, até un máximo de -0’2
9. **PRESENTACIÓN (seguimento das pautas dadas para o TIL)**

- Debe empregarse bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin *tipex*. **(até -0’2)**
- Deben seguir as indicacións dadas pola persoa docente para responder adecuadamente a cada unha das cuestións presentadas na proba. **(até -0’4)**
- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección. Na medida do posible, evitaranse as tachas. **(até -0’4)**
- É obrigatorio sangrar os parágrafos. **(até -0’2)**
- Non se utilizarán padróns. **(até -0’1)**
- As páxinas estarán sempre numeradas e levarán o nome do alumno/a. **(até -0’3)**
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregarase o mesmo mecanismo das notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame. **(até -0’4)**

# 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

O proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos sempre en articulación cos demais.

Pretendemos, desde esta programación reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O sistema educativo ha de lles proporcionar as ferramentas e estratexias

que lles permitan desenvolvérense na vida adulta e exerceren os seus dereitos como cidadáns e cidadás.

- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.

- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

## LIÑAS METODOLÓXICAS

Como conclusión a todo o dito anteriormente respecto á metodoloxía didáctica sérvennos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- *Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.*
- *Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.*
- *Fomentar a formulación de hipóteses.*
- *Buscar, seleccionar e tratar a información.*
- *Fomentar a confrontación clara e respectuosa.*
- *Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.*
- *Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.*
- *Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.*
- *Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.*
- *Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.*

# 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- **Libro de Texto**
    - ***Lingua Galega e Literatura 2*. Consorcio Editorial Galego**
- **Lecturas Literarias.**

Cremos que a lectura, tanto na súa función informativa-formativa como na súa dimensión lúdica, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de Lingua e Literatura. Se ben, cremos que non debe converterse nunha obriga. En consecuencia, as lecturas de obras literarias que se realicen fóra da aula serán avaliadas como Tarefas Voluntarias. Se ben, a lectura da obra que dá nome ao proxecto, ***Alicia no país das marabillas***, deberá realizarse dentro e fóra da aula e agárdase do alumnado que lle dedique á mesma unha hora diaria, coa finalidade de crear hábitos de traballo e hábitos lectores.

As reflexións en torno ás lecturas realizades voluntariamente, os informes das mesmas, as exposicións orais, as presentacións informáticas ou os textos de produción propia nacidos arredor delas, faranse chegar ao professor/a dun xeito tradicional ou, se a persoa docente así o indicasse, a través do *Blogue de aula* ou mediante o uso do correo electrónico. Tamén poderán ser avaliadas mediante un Cuestionario na Aula Virtual.

No **Proxecto Lector** do Departamento atópase a listaxe de Lecturas - 2º ESO

**LECTURA OBRIGATORIA 1º ESO**

| | |
|---|---|
| **Lectura na aula e fóra da aula ao longo de todo o curso** | ***Alicia no país das marabillas*. Lewis Carroll. Ed. Xerais** |

## LECTURAS VOLUNTARIAS 1º ESO

| | |
|---|---|
| • *O pazo baleiro*. | Xabier P. Docampo |
| • *O misterio das badaladas*. | “ |
| • *Cando petan na porta pola noite.* | “ |
| • *Mutacións xenéticas*. | Fina Casalderrey |
| • *Quen me quere adoptar*? | “ |
| • *Ameaza na Antártida*. | Antón Caride |
| • *Expedición do Pacífico.* | Marilar Aleixandre |
| • *Lúa do Senegal.* | Agustín Fdez. Paz |
| • *As flores radiactivas.* | “ |
| • *Quince anos de Branca.* | “ |
| • *Rapazas.* | “ |
| • *Contos por palabras.* | “ |
| • *Palabras de caramelo.* | *Gonzalo Moure* |

BANDA DESEÑADA

| | |
|---|---|
| • Historia de Galiza. | Pepe Carreiro |
| • A noite das cacharelas | “ |
| • A noite de Samaín | “ |
| • Os Barbanzóns: no solpor da Prehistoria | “ |
| • Compostela, historia dunha lenda | “ |
| • H2Oil | Colectivo Chapapote |
| • Mmmh!! | Colectivo Polaqia |
| • O máxico arrecendo | Fran Bueno |
| • Os lobos de Moeche | Manuel Cráneo |
| • Fiz nos biosbardos | Kiko Da Silva |
| • Pol e Cía | “ |
| • Os viaxeiros do tempo | Norberto Fernández |
| • Trasmallo e a Santa Compaña | Gochi |
| • Petaco | Alberto Guitián |
| • A maldición dos Velasco | Fausto Isorna |
| • A volta a Galicia en 40 pontes e media | Fran Jaraba |
| • Cita na Habana | “ |
| • Aventura no camiño de Santiago | Primitivo Marcos |
| • Gaspariño | Xaquín Marín |
| • Trazo de xiz | Miguelanxo Prado |
| • Ardalén | “ |
| • Os compañeiros. A orde de pedra | “ |
| • Crónicas incongruentes | “ |
| • Nómades | Jose Tomas |
| • Cabana de balieiros | Tokio |
| • Castelao. Titoán | Iván Suárez |
| • Cartas de inverno | Antonio Seijas |
| • Vilaverzas | Miguel Robledo |

- **Xornais.**

Cada semana distribuíranse, entre o alumnado, artigos tirados dos distintos xornais en calquera soporte, referidos á sociedade galega actual (especialmente ao mundo da cultura e da lingua). Con eles os alumnos e as alumnas deberán elaborar novos artigos ou realizaren comentarios sobre os mesmos.

Eses artigos / comentarios dos alumnos/as incorporaranse ao *Blogue de aula* ou, se a súa calidade o aconsella, publicaranse na revista do ENL, ***Bico da ría***.

- **Audiovisuais.**

Proxectaranse documentais relacionados coa Historia de Galicia, da Lingua e da Literatura Galegas, así como Curtas arredor do Teatro e do Cinema Galegos, como complemento ás explicacións da aula, e cunha actividade posterior para realizar polo alumnado sobre o material observado.

Nos cursos ordinarios levarase isto a cabo sempre que a distribución e aproveitamento temporal da materia o permita.

- **Novas Tecnoloxías.**

Contamos con diversos espazos web sostidos desde o noso Departamento Didáctico:

- Páxina web de 1º e 2º ESO: ***Gorinho***
- Correo electrónico para 1º e 2º ESO: **eso1lgl@gmail.com**
- ***Marlou*** **(web)**
- **Aula Virtual de 2ºESO**

A persoa docente procurará servirse do canón, da pantalla e do portátil para proxectar na aula imaxes que auxilien as súas exposicións teóricas en torno a calquera das unidades temáticas. Deste xeito axudará a formar o seu alumnado no uso das TIC, pois potenciará que os Traballos de

investigación que eles realicen veñan acompañados de imaxes proxectadas a través do uso das novas tecnoloxías.

- **Sala do Equipo de Nomalización Lingüística.**

Consideramos fundamental este espazo ao servizo do alumnado e do profesorado do centro, con todo tipo de materiais e recursos á súa disposición, para fomentar entre o alumnado o traballo en equipo, a súa iniciativa persoal e o espírito emprendedor, ao tempo que dinamizan a normalización lingüística no centro e derruban os prexuízos que segue a sufrir a nosa lingua. O Equipo sostén ademais estes espazos na rede:

- ***Bico da Ría***
- ***O Castelo da Lúa***
- ***Rianxo Fala***

# 7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

## CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN

Xa foron indicados máis arriba, recollidos no cadro para a concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables. Ademais tamén foron concretados nos criterios acordados polo equipo TIL como mínimos para promocionar ao curso seguinte.

## CRITERIOS SOBRE CUALIFICACIÓN

1. Cada trimestre o alumno/a será avaliado polo seu **labor cotián na aula e a súa actitude cara ao mesmo**. Isto supón que o alumnado debe saber estar na aula, saber facer o que se lle indica e utilizar sempre a lingua galega en calquera das súas comunicacións orais e/ou escritas. Este apartado avaliarase a través de:
    a. Participación adecuada na aula **(Observación Directa, 10%)**
    b. Produción de textos e realización das tarefas de aula **(Cartafol, 10%)**
    c. Lectura na aula **(Rúbrica, 10%)**
    d. Comentario da Lectura na aula **(Rúbrica, 10%)**

2. Cada trimestre o alumnado realizará un **traballo de investigación** en relación ao Proxecto que se desenvolva en cada momento, para o cal deberá servirse das TIC. Este apartado será avaliado a través de:
    a. Elaboración dunha presentación informática **(Rúbrica, 10%)**
    b. Exposición oral con apoio da presentación informática **(Rúbrica, 10%)**

3. Cada trimestre o alumnado realizará unha **proba escrita** sobre os contidos traballados na aula. Este apartado suporá **un 30%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación.

4. Cada trimestre o alumnado poderá realizar Tarefas Voluntarias, que subirán a nota final até 3 puntos, unha vez acadado o 5 na materia. Estas tarefas poderán xirar arredor destes aspectos:

   a. Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a.

   b. Investigación fóra da aula arredor de distintos aspectos da cultura, da lingua, da literatura e da sociedade galega proposta polo alumno/a.

   c. Colaboración co ENL

   d. Compromiso coa normalización da lingua galega. Os estándares avaliable que consideramos transversais a todos os demais: ***LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.*** É fundamental e ten que avaliarse en situacións de aprendizaxe real. Moitos alumos e alumnas participan nas actividades do ENL, pero cambian de lingua ao saír dos espazos destinados ás aulas de lingua galega ou da sala do equipo; polo que cremos necesario dinamizar o uso do galego en todos os ámbitos e espazos, en situacións de aprendizaxe real. O alumnado deberá demostrar un uso habitual da lingua galega, oral e escrito, fóra da aula, tamén no mundo virtual na súa relación co profesorado de Lingua Galega e Literatura e nas actividades do EDLG.

   Esta última tarefa avaliarase por **Observación Directa** e suporá un **10% da nota da materia**, pois trataríase de desenvolver as competencias clave (especialmente a CCL) en lingua galega en situacións de aprendizaxe real. Ningún alumno/a está obrigado/a a realizala e calquera alumno/a que non a realice poderá obter

igualmente un Sobresaliente na materia, se ben non poderá obter un 10, pois non cumpriría o estándar avaliable antes sinalado.

## CRITERIOS SOBRE PROMOCIÓN

Ao finalizar o curso, acadados os estándares mínimos avaliables sinalados máis arriba para cada trimestre e acadados os mínimos TIL para promocionar ao curso seguinte, o alumnado obterá unha **nota final que será igual ou superior á nota do 3º trimestre** e que se obterá da **media dos tres trimestres, sempre e cando esta non resulte inferior á da 3ª avaliación.**

Dado que se trata dunha materia de contidos progresivos, os progresos de cada trimestre servirán para recuperar as insuficiencias de trimestres anteriores ou para acadar os obxectivos non acadados previamente. Deste xeito, un aprobado no 3º trimestre suporá a recuperación dos trimestres suspensos anteriormente. En caso de un alumno/a ter superado os dous primeiros trimestres, se suspendese o terceiro a súa avaliación resultaría negativa e debería recuperar a materia a través dunha convocatoria extraordinaria.

Para poder superar a materia nunha convocatoria extraordinaria de Setembro, aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que ao longo do curso ordinario, pero centraranse nun único instrumento de avaliación: unha proba escrita, que seguirá o modelo da realizada no 3º trimestre e irá acompañada dos criterios de corrección correspondentes.

# 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Planificación | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. | | | | | |
| | 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado. | | | | | |
| | 6. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 7. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 8. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 9. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas). | | | | | |
| | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente. | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| | 1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...) | | | | | |
| | 2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos. | | | | | |
| | 3. Amosa predisposición para aclarar dúbidas e | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Desenvol-vemento** | ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | | | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto. | | | | | |
| | 5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula. | | | | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | | | | |
| | 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | | | | |
| | 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,…) | | | | | |
| | | | | | | |
| **MENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Seguimento e Avaliación** | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado. | | | | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. | | | | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | | | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | | | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | | | | |
| | 6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información. | | | | | |
| | 7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. | | | | | |
| | 8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |
| | 9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | alcanzados suficientemente. | | | | | |
| | 10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | | | | |
| | 1. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais. | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Motivación do alumnado** | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa. | | | | | |
| | 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). | | | | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | | | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | | | | |
| | 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | | | | |
| | 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados. | | | | | |

Os **INDICADORES DE LOGRO** mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a ***Avaliación do Labor Docente*** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual, como **este.**

# 9. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

En xeral, os contidos que se traballan no ensino obrigatorio mantéñense nun teórico nivel medio, mais a diversidade do alumnado leva aparellada unha diversidade na aprendizaxe. Por iso a flexibilidade e a variación nas actividades de traballo propostas deben permitir manter unha dinámica progresiva co conxunto do alumnado, recoñecendo topes diferentes segundo a súa capacidade.

Para poder adaptar o currículo a cada alumno resulta imprescindíbel a Avaliación Inicial, da que partiremos no inicio de cada curso.

Cando un alumno/a presenta dificultades ou deficiencias no proceso de aprendizaxe resulta fundamental volver a motivalo e a mellor maneira é cambiar a metodoloxía (talvez por iso daban bos resultados os Proxectos de Diversificación Curricular, desaparecidos tras a implantación da LOMCE). Agora ben, se o alumno/a precisa reforzo, haberá que centrarse en resolver as dificultades máis frecuentes e en desenvolver as habilidades imprescindíbeis para un correcto aproveitamento dos contidos do curso no que se atopa ese alumno/a. Por isto, independentemente do curso no que se atope o alumno/a, as actividades de reforzo deberán encamiñarse a acadar os seguintes obxectivos, se ben en distintos graos segundo o curso de referencia do alumno/a, obxectivos que non son máis que o desenvolvemento das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir *comprensivamente*) coas que o ensino obrigatorio debe fornecer ao alumnado para preparalo para a vida:

- **Aprender a comunicarse. (Saber conversar, saber traballar en grupo; saber tomar decisións, saber relacionarse co outro sexo, saber resolver conflitos dialogadamente...)**

- **Aprender a expresarse oralmente con corrección, fluídez e normalidade. (Saber autocorrixirse, saber expoñer, saber argumentar, saber contar...)**

- **Aprender a atender para mellorar a aprendizaxe. (Saber escoitar comprensivamente, saber relacionar informacións distintas, saber localizar datos, ...)**

- **Aprender a comprender o que se le. (Saber ler comprensivamente, saber consolidar o que se leu a través da lectura recorrente, saber parafrasear un texto, saber comentar un texto...)**

- **Aprender a escribir adecuadamente. (Saber autocorrixirse; saber resumir, esquematizar e redactar; saber aplicar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.)**

Perseguindo eses obxectivos, cada curso entregaremos as **Actividades de Reforzo (elaboradas a partir do Caderno do Proxecto *A volta ao mundo en 80 linguas*, para 1ºESO)** a aqueles alumnos/as que precisan reforzar contidos do curso ou cursos anteriores ou que teñen a materia pendente de acadar os contidos mínimos. Unha vez realizadas, se tivo dificultade con algunha das actividades propostas, o alumno/a reunirase co profesor/a na súa hora de atención ao alumnado, para que poida axudalo a comprender esas actividades.

Cando un alumno/a coa materia pendente, realice satisfactoriamente as actividades sinaladas polo profesor/a, este poderá considerar a avaliación positiva na materia pendente, sen necesidade de realizar un exame.

Se o alumno/a aproveita satisfactoriamente as aprendizaxes do curso no que está matriculado, non precisará examinarse da materia pendente, xa que o profesor/a poderá considerar a súa avaliación positiva nesa materia mediante o traballo realizado no presente curso académico.

Finalmente, o alumno/a coa materia pendente de cursos anteriores, terá dereito a realizar dúas probas: unha en Xaneiro e outra en Maio, antes da Avaliación Final de Xuño.

## CONTIDOS e ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para poder superar a materia pendente do curso anterior, terase en conta **a concreción dos estándares avaliables** recollidos nesta programación didáctica para a materia de LGL.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para poder superar a materia pendente do curso anterior, aplicaranse os criterios de avaliación recollidos nos acordos TIL.

## ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- **Cadernos e/ou actividades de reforzo.**

  Cada mes o alumno/a realizará as Actividades de Reforzo sinaladas pola persoa docente.

- **Probas presenciais**.

  Realizaranse as dúas probas sinaladas, seguindo o calendario que para as probas de pendentes sexa marcado desde a Xefatura de Estudos. Estas probas avalairán os contidos mínimos antes expostos e serán semellantes ás Probas Extraordinarias de Setembro de cada un dos cursos.

- **Avaliación progresiva.**

  Tal e como se recolle na Orde do 30 de Setembro de 2004, se un alumno/a, que está a realizar calquera dos cursos de ESO, supera trimestre a trimestre os contidos mínimos dese curso, terá superados automaticamente os contidos mínimos do curso anterior que tiña pendentes de adquirir.

# 10. PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS (BACHARELATO)

(Non corresponde a esta etapa educativa nin á nosa materia)

# 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL. MEDIDAS.

Nesta etapa do processo educativo, convén facer unha análise inicial dos coñecementos que posúen, centrándonos sobre todo na comprensión de textos, na ortografia e na expresión, para poder avaliar adecuadamente o grao de desenvolvemento das súas competencias básicas ou clave. É preciso saber de onde partimos para averiguar até onde podemos chegar.

Así, nos primeiros días do curso, tras as presentacións, realizarase unha Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os contidos traballados no curso anterior senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu “saber facer”. O modelo desa avaliación inicial será semellante en todos os cursos, cambiarán só os procedementos de avaliación, é dicir, os filmes, os textos literarios e os xornais dixitais sobre os que traballará o alumnado, pois serán elixidos segundo o seu grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a.

# a. Modelo de Avaliación Inicial

**ALUMNO/A** **CURSO**

**CCL** **COMUNICACIÓN (Comprensión e expresión escrita) (Sesións: 1ª, 2ª, 3ª)**

1. Le o seguinte texto e responde ás cuestións.

PAMPÍN

Non sei se é nome ou **alcume.** Chámanlle Pampín. Se é nome propiamente, segundo os documentos, é tamén alcume, nome feito por nós, por todos nós... Un nós de moita largueza, no que caben **refachos** de vento mariñeiro, disputas de gavotas arremuiñadas, escumas e ondas a correr pola area... É un mozote un pouco **fazuleiro,** ancho e duro. Vai sempre cunha caniña pequena e ben pulida como unha **batuta.** Vai pola ribeira facendo moitos relanzos. E coa caniña mil **estremonías**. A un neno deulle dous croques tan suaves, tan cheos de maxia, que o neno tivo unha súbita e calada **sorrisa**, e deixou de xogar un intre. A outro quitoulle a boina e fíxoa xirar na punta da cana. De seguida devolveulla e seguiu asubiando non sei que. Repara en todas as cousas, failles cariños ás pedras e, se algunha prenda cae dunha balconada, Pampín é sempre o que avisa.

Hai un pouco estaban dúas lanchas demasiado xuntas a bater. Pampín foi nunha gamela a **desapartalas**.

Onte axudou a turrar da rede. Pasaba por alí e axudou. Pampín divertiuse moito poñendo medo a un neno cun cangrexo. Despois reparou nunha cunchiña pequerrecha que fora copiando os ceos de moitas matinadas, colleuna e foise. Non se lembrou de cobrar o **quiñón**. Certo é que despois volveu e apañou algúns peixiños que quedaran na area. Agora **disque** ten mentes de ir navegar. Poida que si. Levará a súa caniña e irá petando amorosamente con ela nas cousas do mundo. E cando, de volta, desembarque no **peirao** asubiando ou facendo que asubía, **choutará** pola ribeira a noticia, sinxela, estourante: —¡Veu Pampín!

*Dos arquivos do trasno*, Rafael Dieste

**CAA**

1) Que conta o texto? Resúmeo seleccionando as ideas principais.
2) Quen é Pampín? Descríbeo servíndote de elementos do propio texto.
3) Define adecuadamente as seguintes palabras: ***refachos, peirao, choutará***

4) En francés: *On dit d'une personne qui a des joues proéminentes qu'elle est **joufflue***. Como dicimos iso en galego?

5) Indica como son estes termos en español: ***fazuleiro, disque***

6) Que é unha ***batuta***? Esta é unha palabra de orixe italiana común a galego, portugués e español, pero en francés o termo correspondente é ***bâton***. A que palabra deu orixe ese termo francés en galego, en portugués e en español? En inglés o termo correspondente para **batuta** é ***baton***. De onde cres que procede?

**CSC**

7) O termo galego ***alcume*** é de orixe árabe. Un sinónimo dese termo é ***alcuño***. En portugués é ***alcunha***. En español, ***sobrenombre***. En francés, ***surnom***. En inglés, ***nickname***. Que linguas comparten a orixe do termo? Por que cres que galego e portugués comparten o mesmo termo (alcuño-alcunho)? Por que cres que nas redes sociais ao "nome de usuari@" se lle chama ***nick***?

**CSC**

8) Que atopas errado no seguinte enunciado? ***O neno tivo unha súbita e calada sorrisa***

9) O termo ***desapartalas*** non aparece no dicionario da RAG, pero tod@s somos quen de entendelo. Por que?

**CD**

10) ***Estremonías*** é un termo medieval, hoxe xa en desuso.
**INVESTIGA** o seu significado ou trata de deducilo polo contexto no que se atopa.

**CD**

11) Que clase de palabra é ***disque***?
**INVESTIGA** se non o sabes.

**CCEC**

12) O ***quiñón*** é a cantidade que corresponde a cada un dos mariñeiros que participan nas particións do que pescaron. No relato ***Peito de lobo***, un famoso rianxeiro escribe: *Fuxiron os anos e fuxiron as sardiñas para os xeiteiros. As festas viñeron a menos, como os quiñóns dos mariñeiros*... Que quere dicir?

**CD**

**INVESTIGA** quen é ese famoso rianxeiro autor dese relato?

## COMUNICACIÓN (Comprensión e expresión oral) (Sesións: 4ª, 5ª e 6ª)

CCL

CSIEE

CCEC

CSC

1. Le expresivamente o relato ou o poema que previamente escolleras.
   i. Explica oralmente o contido do texto, xustificando a que xénero pertence.
   ii. Explica de que texto se trata e a que autor/a pertence.

2. Atende (cunha actitude de escoita activa e crítica) á proxección da curtametraxe: ***A escola das areas***
   i. Participa no coloquio que se desenvolva na aula arredor do filme.

Nunha última sesión, realizarase a AUTOAVALIACIÓN.

CMCCT

Revisa o labor realizado e, contando acertos e desacertos, puntúa cada unha das tarefas realizadas de 0 a 1. Posteriormente, suma todo e divídeo entre o número de tarefas.

Realizada a AVALICIÓN pola persoa docente, recolleranse todos os datos nun INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL, do que se dará conta a nais-pais a través da persoa titora.

CSIEE

Finalmente, arquivaranse as tarefas realizadas por cada alumno/a na CARPETA DE LINGUAS, que de cando en cando supervisará a persoa docente.

# b) Concreción dos estándares para a Avaliación Inicial

| ESTÁNDARES VINCULADOS | ÍNDICES DE LOGRO |
|---|---|
| **CCL** | |
| 2.Comprende e interpreta a idea xeral e os feitos relevantes de textos orais (instrucións, explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas. | |
| 3.Coñece e respecta as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas. | |
| 5.Interpreta as ideas principais e secundarias de documentos audiovisuais e é quen de expresalas oralmente e de defendelas nun coloquio ou debate. | |
| 13.Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo. | |
| 14.Coñece as distintas fontes para obter información sobre o significado das palabras e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais... | |
| 15.Comprende e interpreta con axuda o contido de textos literarios, de textos propios da vida cotiá... e é quen de analizar as propias lecturas ou servirse dos textos académicos para a realización de tarefas escolares. | |
| 16.Coñece as indicacións para a realización de tarefas e é quen de realizalas dun xeito progresivamente máis autónomo servíndose especialmente das TIC. | |
| 19.Realiza en voz alta (con escasos erros) unha lectura con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. | |
| 20.Produce (con autonomía progresiva) textos escritos que cumpren coas propiedades textuais e é quen de cometer escasos erros ortográficos ou de puntuación. Aplicando a autocorrección antes e despois de entregar a súa tarefa. | |
| 22.Produce (con autonomía progresiva) textos propios e é quen de elaborar correos electrónicos, textos expositivos, resumos, explicacións, textos descritivos... | |
| 25.Procura (con axuda) información lingüística e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía). | |
| 26.Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais (con progresiva autonomía). | |
| 27.Recoñece as clases de palabras (con progresiva autonomía). | |
| 29.Recoñece (con escasas dúbidas e autonomía progresiva) erros nas producións textuais orais e escritas e é quen de autocorrixirse e autoavaliarse. | |
| 32.Coñece as linguas que se falan en España e as distintas linguas chegadas a Galicia a través da inmigración, así como a vinculación do galego e do portugués a través da Lusofonía é quen de utilizalar indistintamente galego e | |

| | |
|---|---|
| castelán, aproximándose ao portugués a partir da lingua propia e respectando o plurilingüismo. | |
| 34.Interpreta (a través do seu contexto familiar e con axuda da persoa docente) a situación socilingüística de Galiza e é quen de analizala criticamente dun xeito cada vez máis autónomo . | |
| 39.Realiza lecturas dentro e fóra aula de poemas, relatos ou novelas e é quen de comprendelas e comentalas dun xeito cada vez máis autónomo.<br>40.Coñece as diferenzas entre os textos literarios (narrativos, poéticos e teatrais) e non literarios e é quen de explicalas dun xeito cada vez máis autónomo.<br>41.Analiza tras unha lectura comprensiva textos literarios e é quen de explicar as súas características dun xeito cada vez máis autónomo. | |
| **CAA**<br>2.Comprende e interpreta a idea xeral e os feitos relevantes de textos orais (instrucións, explicacións...) e é quen de seguir as indicacións para realizar as tarefas. | |
| 3.Coñece e respecta as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas. | |
| 5.Interpreta as ideas principais e secundarias de documentos audiovisuais e é quen de expresalas oralmente e de defendelas nun coloquio ou debate. | |
| 13.Utiliza técnicas de análise e síntese do contido e é quen de seleccionar as ideas fundamentais dun texto, xerarquizalas e elaborar un resumo. | |
| 14.Coñece as distintas fontes para obter información sobre o significado das palabras e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais... | |
| 15.Comprende e interpreta con axuda o contido de textos literarios, de textos propios da vida cotiá... e é quen de analizar as propias lecturas ou servirse dos textos académicos para a realización de tarefas escolares. | |
| 16.Coñece as indicacións para a realización de tarefas e é quen de realizalas dun xeito progresivamente máis autónomo servíndose especialmente das TIC. | |
| 20.Produce (con autonomía progresiva) textos escritos que cumpren coas propiedades textuais e é quen de cometer escasos erros ortográficos ou de puntuación. Aplicando a autocorrección antes e despois de entregar a súa tarefa. | |
| 22.Produce (con autonomía progresiva) textos propios e é quen de elaborar correos electrónicos, textos expositivos, resumos, explicacións, textos descritivos... | |
| 25.Procura (con axuda) información lingüística e é quen de servirse dela para as súas producións textuais (con progresiva autonomía). | |
| 26.Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega e é quen de servirse delas para as súas producións textuais (con progresiva autonomía). | |

| | |
|---|---|
| 29.Recoñece (con escasas dúbidas e autonomía progresiva) erros nas producións textuais orais e escritas e é quen de autocorrixirse e autoavaliarse. | |
| **CMCCT** Autoavaliación | |
| **CSC**<br>3.Coñece e respecta as normas de cortesía (escoita activa, interese, respecto e rexeitamento de linguaxe discriminatoria) e é quen de aplicalas nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas. | |
| 5.Interpreta as ideas principais e secundarias de documentos audiovisuais e é quen de expresalas oralmente e de defendelas nun coloquio ou debate. | |
| 22.Produce (con autonomía progresiva) textos propios e é quen de elaborar correos electrónicos, textos expositivos, resumos, explicacións, textos descritivos... | |
| 32.Coñece as linguas que se falan en España e as distintas linguas chegadas a Galicia a través da inmigración, así como a vinculación do galego e do portugués a través da Lusofonía é quen de utilizalar indistintamente galego e castelán, aproximándose ao portugués a partir da lingua propia e respectando o plurilingüismo. | |
| 34.Interpreta (a través do seu contexto familiar e con axuda da persoa docente) a situación socilingüística de Galiza e é quen de analizala criticamente dun xeito cada vez máis autónomo . | |
| **CD**<br>16.Coñece as indicacións para a realización de tarefas e é quen de realizalas dun xeito progresivamente máis autónomo servíndose especialmente das TIC. | |
| 22.Produce (con autonomía progresiva) textos propios e é quen de elaborar correos electrónicos, textos expositivos, resumos, explicacións, textos descritivos... | |
| 44.Coñece (de xeito guiado) as bibliotecas escolares e as virtuais e é quen de procurar información nelas dun xeito cada vez máis autónomo. | |
| **CCEC**<br>32.Coñece as linguas que se falan en España e as distintas linguas chegadas a Galicia a través da inmigración, así como a vinculación do galego e do portugués a través da Lusofonía é quen de utilizalar indistintamente galego e castelán, aproximándose ao portugués a partir da lingua propia e respectando o plurilingüismo. | |
| 34.Interpreta (a través do seu contexto familiar e con axuda da persoa docente) a situación socilingüística de Galiza e é quen de analizala criticamente dun xeito cada vez máis autónomo . | |
| 43.Coñece (de xeito guiado) os trazos básicos da linguaxe cinematográfica e é quen de interpretar e comentar unha curtametraxe dun xeito cada vez máis autónomo. | |
| **CSIEE**<br>5.Interpreta as ideas principais e secundarias de documentos audiovisuais e é quen de expresalas oralmente e de defendelas nun coloquio ou debate. | |

| | |
|---|---|
| 14.Coñece as distintas fontes para obter información sobre o significado das palabras e é quen de servirse delas para a realización das súas tarefas académicas (procurar información nun dicionario, interpretar símbolos, ampliar información en xornais e medios audiovisuais... | |
| 15.Comprende e interpreta con axuda o contido de textos literarios, de textos propios da vida cotiá... e é quen de analizar as propias lecturas ou servirse dos textos académicos para a realización de tarefas escolares. | |
| 16.Coñece as indicacións para a realización de tarefas e é quen de realizalas dun xeito progresivamente máis autónomo servíndose especialmente das TIC. | |
| 20.Produce (con autonomía progresiva) textos escritos que cumpren coas propiedades textuais e é quen de cometer escasos erros ortográficos ou de puntuación. Aplicando a autocorrección antes e despois de entregar a súa tarefa. | |
| 22.Produce (con autonomía progresiva) textos propios e é quen de elaborar correos electrónicos, textos expositivos, resumos, explicacións, textos descritivos... | |
| LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | |

# b) Cadro para a Avaliación Inicial

| AVALIACIÓN INICIAL | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ALUMNO/A** | **CCL** | | | | | **CAA** | **CSC** | **CD** | **CCEC** | **CSIEE** | **CMCT** | **CON-TIDOS** |
| | **CO** | **EO** | **EE** | **CE** | final **CCL** | | | | | | | |
| 1 | | | | | | | | | | | | |
| 2 | | | | | | | | | | | | |
| **Auto Aval.** | | | | | | | | | | | | |
| **Co Aval.** | | | | | | | | | | | | |

## c) Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial

No marco dunha educación inclusiva, que responda á atención á diversidade, é preciso favorecer unha visión interdisciplinar que posibilite unha maior autonomía docente para satisfacer as demandas dunha educación máis personalizada e coas vías de comunicación entre a familia do alumnado e o centro de ensino sempre abertas.

Neste sentido, o alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar un desenvolvemento adecuado das súas competencias clave. Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Pero, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o/a docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acade os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización desta Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas..
2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración

nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.

3. Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.

4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.

5. Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos de investigación programados ás necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.

6. Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertindo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación. Estas tarefas deberán incidir na comprensión e produción de todo tipo de textos.

7. Adecuación dos Criterios de Cualificación á situación do alumnado con medidas de reforzo, tendo en conta nun 20% do cómputo global da materia o labor proposto e realizado fóra da aula como medida de reforzo para mellorar o rendemento da súa aprendizaxe.

8. Centrar o proceso de aprendizaxe deste alumnado nas súas fortalezas, integrando os contidos mínimos para acadar unha avaliación positiva no desenvolvemento das competencias que mellor teña adquiridas o alumno/a.

9. Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

10. Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

As Tarefas de Reforzo e ou Apoio, así como as de Ampliación, se for o caso, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

# 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversisdade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final. O importante é o que percorra cada un, non que todos/as cheguen ao mesmo destino. Non debemos esquecer que as persoas non actuamos, sentimos, nin pensamos da mesma forma. E, por suposto, non temos todas as mesmas capacidades.

Finalmente, non debemos esquecer que a atención á diversidade non reside unicamente en programas concretos, senón que está tamén na base de determinados tipos de actividades, como son os **Traballos de investigación**, que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais. Igualmente os **Comentarios** de distintos tipos de textos permite formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a. Por último, a Listaxe de **Lecturas Voluntarias** tamén está ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.

# 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e que, facultativamente, poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corrixirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apar-tado.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.
- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, desfruten dos mesmos dereitos

- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.
- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais
- Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada
- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais.

Segundo o dito anteriormente, sinalamos a continuación as actividades da nosa programación que servirán para abordar os distintos temas transversais na ESO, así como os obxectivos que perseguimos con elas.

| TEMAS TRANSVERSAIS | ACTIVIDADES | OBXECTIVOS |
|---|---|---|
| **Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua** | Deseño e realización dunha tarefa arredor do **25N** e do **8M** | Procurar a igualdade real entre homes e mulleres<br><br>Detectar os micromachismos para poder loitar contra eles<br><br>Detectar trazos sexistas na lingua e corrixilos. |
| **Educación para a igualdade e a paz.** | Deseño e realización dunha tarefa arredor do 30 de Xaneiro, vinculando a **paz** e **Castelao**. | Tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica,cultural, relixiosa, lingüística, provocan confli-tos bélicos. Para evitar o absurdo e o horror das guerras é preciso aprender a resolver as discrepancias a través do diálogo, de forma pacífica. |
| **Educación na sexualidade e na saúde** | Proxección de documentos aufiovisuais que xeren o debate e a reflexión arredor de prexuízos sexistas e de actitudes homófobas cara a orientación sexual dos individuos. | Entender a saúde como benestar físico e psíquico. Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais. |
| **Educación ambiental** | Proxección de documentos audiovisuais arredor do cambio climático. | Fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente. |
| **Educación viaria** | Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas. | Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación de convivencia regulada por unhas normas a través duns sinais. |
| **Educación multicultural** | Proxeccións e debates en torno a documentais sobre distintos lugares e pobos do mundo (Pilot). | Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas para poder pedir respecto. |

# 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

## a. Actividades Complementarias

Cada curso, este Departamento realiza actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. No primeiro ciclo de ESO céntranse na Historia, na Cultura e na Literatura. No segundo ciclo de ESO céntranse por riba de todo na Lingua, na súa dinamización e normalización. As tarefas do alumnado de 2ºESO serán publicadas nun Blog de aula que crearemos ao longo deste primeiro trimestre.

Unha porcentaxe moi elevada do alumnado do centro (procedente de todos os cursos e niveis académicos) participa moi activamente nas actividades do Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega (EDNLG), das que se nutre o noso Departamento Didáctico. Este labor pode ollarse a través da revista e do blogue do EDNLG do IES Félix Muriel:

- Bico da Ría
- O castelo da lúa
- Rianxo fala

Cada curso, este Departamento xunto co EDNLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, desenvolve as seguintes actividades complementarias (recollidas na páxina web Marlou):

- Lectura de textos de temática acaída co Samaín
- Día da Ciencia en Galego
- Actividade 25N

- Semana Castelao
- Dia de Rosalía
- Día da lingua nai
- Días de Entroido
- Actividade 8M
- Día da poesía
- Día do Libro
- Actividade 25Abril
- Recitado, dramatización ou narración de textos do autor/a a quen se lle adique o día das Letras Galegas.
- *Libro Forum,* para 1º e 2º ESO
- *Literalúdica,* para 3º - 4º ESO e 1º Bcharelato

## b. Actividades Extraescolares

Dado que o curso pasado non puidemos realizar a saída didáctica ao Porto, corespondente ao Proxecto de 1ºESO, debido a unha folga nos medios de transporte, realizarémola no inicio deste curso, co alumnado que agora xa está en 2ºESO. Ao longo dos trimestres prepararemos unha saída adecuada para este nivel educativo, coa finalidade de que o alumnado se poida desenvolver nunha situación de aprendizaxe real.

# 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptíbel de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

**a) A avaliación da programación en si**, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das **reunións semanais de departamento**, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

**b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación.** Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e trans-formala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsa-bilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración das **Memorias Trimestrais**, así como da **Memoria Final** servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

# FINAL.- INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO, CARGOS, DISTRIBUCIÓN DE CURSOS E CONFORMIDADE CON ESTA PROGRAMACIÓN

| MEMBROS | MATERIAS | CARGOS | HORAS |
|---|---|---|---|
| **Francisco Carro** | • ESO-2º<br>• ESO-3º<br>• 2ªLE, Portugués BACH-2º<br>• 2ªLE, Portugués ESO-1º | Titor de 2ºESO | 6h<br>6h<br>3h<br>3h |
| **Valentina Formoso** | • BACH-2º<br>• ESO-1º<br>• 2ªLE, Portugués BACH-1º<br>• 2ªLE, Portugués ESO-2º | Coordinadora do ENDLG | 6h<br>4h<br>2h<br>2h |
| **Paz Plaza** | • ESO-1º<br>• ESO-2º<br>• ESO-4º<br>• REFORZO ESO-1º | Xefa do Departamento | 8h<br>3h<br>3h<br>3h |
| **Pilar Lago** | • ESO-3º<br>• ESO-4º<br>• 2ªLE, Portugués ESO-3º | Titora de 4ºESO | 6h<br>9h<br>2h |
| **Sofía Rama** | • ESO-1º<br>• ESO- 2º<br>• BACH-1º<br>• LIT. GAL. Séc.. XX e Actual. | Delegada Sindical | 4h<br>3h<br>6h<br>2h |

Os membros deste Departamento Didáctico, reunidos en sesión ordinaria o Luns 14 de Outubro de 2016, para asinar a Programación Didáctica do Departamento de LGL para o curso 2016-17, acordan entregar unha copia da mesma á xefatura de estudos para que se anexe ao Proxecto Curricular do Centro, do que dan fe as actas recollidas para a ocasión.

Asdo.: Paz Plaza, xefa do Departamento
En Rianxo, 18 de Setembro de 2017

# ANEXO

## Acordos para o Tratamento Integrado de Linguas (TIL)

ÍNDICE

1. A LOMCE (cambios suscitados)
    - 1.1. Obxectivos da ESO
    - 1.2. Competencias Clave
    - 1.3. Elementos transversais
2. O Tratamento Integrado de Linguas (TIL)
3. Os acordos acadados no IES Félix Muriel
    - Acordos sobre Metodoloxía
        - Materiais
        - Pautas para a presentación
            - De traballos, tarefas e textos
            - De exames ou probas escritas
    - Acordos sobre Terminoloxía
        - Acordos sobre terminoloxía sintáctica (LGL-LCL)
    - Acordos sobre Contidos
        - 1º trimestre
        - 2º trimestre
        - 3º trimestre
    - Acordos sobre Instrumentos de Avaliación
        - Rúbricas
            - Avaliación Traballos, Tarefas ou Textos escritos
            - Avaliación de Exposicións orais
            - Avaliación da Lectura na aula
        - Criterios de corrección
    - Acordos sobre Criterios de Avaliación
        - Ponderación da Presentación
        - Ponderación da Expresión

# 1. A LOMCE

- **Cambios no papel do alumno/a** na aula
  - *Potenciación da aprendizaxe por competencias*
  - *Capacidade para aprender por si mesmos e en equipo*
- **Cambios no papel das familias**.
  - *As nais ou os/as titores/as legais* ***deberán apoiar e participar*** *na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como* ***coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción****, e* ***colaborar nas medidas de apoio ou reforzo*** *que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e* ***terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións*** *que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as ou tutelados/as.*
  - Como cada ano, comezaremos realizando unha **Avaliación Inicial**, ao longo das dúas primeiras semanas, centrada, como sinala a lexislación europea desde 2006, no desenvolvemento das Competencias Clave. Despois, a partir dos datos recollidos nesa AVI, informaremos ás familias da situación académica dos seus fillos/as. Se for preciso, poremos en marcha actividades de apoio e/ou reforzo.
- **Cambios no rol docente**.
  - Atención á diversidade e respecto polos distintos ritmos de aprendizaxe
  - Metodoloxía activa e participativa, deseñando actividades que integren todas as competencias
  - Deseño de tarefas e situacións de aprendizaxe formais e informais, que posibiliten a aplicación dos coñecementos. ***Os contidos están subordinados á acción***.
  - Traballo en equipo do profesorado, proporcionando un enfoque multidisciplinar.
- A LOMCE sinala que para superar esta etapa educativa é necesario cumprir dous requisitos:
  1) **Acadar os Obxectivos da ESO**

2) **Acadar un adecuado desenvolvemento das Competencias Clave**

## 1.1. OBXECTIVOS DA ESO

1) *Asumir responsablemente os seus **deberes**, coñecer e exercer os seus **dereitos** no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
2) *Desenvolver e consolidar **hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo**, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
3) *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. **Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller**.*
4) *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como **rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos**.*
5) ***Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información,** para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*
6) *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e **aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia**.*

7) *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o* ***sentido crítico****, a* ***iniciativa persoal*** *e* ***a capacidade para aprender a aprender****, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*

8) ***Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.***

9) ***Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.***

10) *Coñecer, valorar e* ***respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas****, así como o patrimonio artístico e cultural.* ***Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo****.*

11) *Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas****,*** ***respectar as diferenzas****, afianzar os* ***hábitos de coidado e saúde corporais****, e incorporar a educación física e a* ***práctica do deporte*** *para favorecer o desenvolvemento persoal e social.* ***Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade****. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o* ***coidado dos seres vivos e o medio ambiente****, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*

12) *Apreciar a creación artística e* ***comprender a linguaxe das manifestacións artísticas****, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

13) ***Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia****, participar na súa conservación e na súa mellora, e* ***respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas****, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

14) ***Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia****, e*

*como medio de relación interpersoal e* ***expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe****, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á* ***comunidade lusófona****.*

## 1.2. COMPETENCIAS CLAVE (Coñecemento na práctica, "saber facer")

*"As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego".*

- **CCL (Comunicación Lingüística)**
  - Saber escoitar
  - Saber falar
  - Saber ler
  - Saber escribir
- **CAA (Aprender a Aprender)**
  - Saber autocorrixirse, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe
  - Demostrar curiosidade e interese por aprender
  - Ser quen de autoavaliarse e coavaliar aos compañeiros/as
  - Desenvolver hábitos de traballo
- **CD (Dixital)**
  - Ser quen de utilizar as novas tecnoloxías ao servizo da propia aprendizaxe
  - Saber buscar e seleccionar información na rede
  - Saber crear novos contidos na rede
  - Iniciar o proceso de alfabetización múltiple
- **CSC (Social e Cívica)**
  - Desenvolver habilidades sociais
  - Saber respectar os demais
  - Rexeitar os prexuízos e calquera tipo de discriminación
  - Coñecer e respectar os dereitos humanos e as normas que nos rexen (Constitución e Estatuto)
- **CSIEE (Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor)**

    - Saber desenvolverse con autonomía
    - Asumir responsabilidades
    - Saber traballar en equipo
    - Mostrar iniciativa e creatividade
- **CCEC (Conciencia e Expresións Culturais)**
    - Respectar todas as expresións culturais
    - Comprender as manifestacións artísticas
- **CMCCT (Matemática e Coñecemento Científico Tecnolóxico)**
    - Saber ler un mapa e interpretar unha gráfica
    - Distinguir formas e volumes
    - Entender o que supón o coñecemento científico
    - Descubrir a tecnoloxía no ámbito do cotián

## 1.3. ELEMENTOS TRANSVERSAIS (abordaranse en todas as materias)

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual e TICs.
- Educación cívica e constitucional.
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Rexeitamento de contidos sexistas e da discriminación por razón da orientación sexual, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero...
- Resolución pacifica de conflitos e rexeitamento da violencia, do racismo e da xenofobia.
- Respecto polos dereitos humanos, pola liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, a pluralidade e o Estado de dereito.

# 2. O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

## 2.1. Cambios metodolóxicos

- *Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable* ***que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado****.*

- ***Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa****, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartir o currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán:*
  - *acordos sobre* ***criterios metodolóxicos*** *básicos de actuación en todas as linguas,*
  - *acordos sobre a* ***terminoloxía*** *que se vaia empregar,*
  - *acordos sobre  o tratamento que se lles dará aos* ***contidos****,*
  - *acordos sobre os* ***criterios de avaliación*** *e aos* ***estándares de aprendizaxe*** *similares en cada materia lingüística,*
  - *acordos* ***para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua****.*

- ***Os métodos docentes deberán favorecer a motivación*** *por aprender nos alumnos/as, polo que os docentes deberán ser quen de xerar neles* ***curiosidade*** *e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. Recoméndase:*
  - ***A aprendizaxe por proxectos*** *(proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un resultado práctico). Esta metodoloxía favorece a investigación, a reflexión e a crítica.*
  - ***O uso do portfolio*** *(carpeta de aula virtual ou material, que aporta información sobre o alumnado e permite mostrar os resultados da súa aprendizaxe, reforzando o proceso de avaliación continua.*

❖ *O profesorado debe procurar:*

***16. que o alumnado comprenda o que aprende***

***17. que o alumnado saiba para que aprende***

*18.* ***que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.***

## 2.2. Cambios nos recursos didácticos

❖ O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun **Libro de Apoio** para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.

❖ A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias clave trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: ***Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.***

# 3. ACORDOS ACADADOS NO IES FÉLIX MURIEL

## 3.1. ACORDOS SOBRE METODOLOXÍA

Pretendemos, desde esta programación reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Trátase polo tanto dunha didáctica en que o alumnado pasou (hai xa tempo) de ser mero receptor de contidos teóricos a ser actor e protagonista. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara e respectuosa.

- Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

## a. MATERIAIS (alumno/a)

1. **Carpeta de linguas** (unha carpeta de aneis para todas as materias lingüísticas: LGL, LCL, LE (inglés, francés ou portugués) e LC (latín e grego)

2. **Folios en branco (**entregaráselles un folio “patrón”)

3. **Bolígrafo** (un azul ou negro e un vermello)

4. **Correo electrónico** (con autorización da nai, pai ou persoa titora)

## b. PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS

- Entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor, sempre que se fagan a man. Nos traballos elaborados dixitalmente deberase empregar un tamaño de letra 18 para o título, 16 para o encabezamento de cada apartado e 12 para o corpo. O tipo de letra será *Arial*, *Times New Roman* ou *Verdana*.

- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm). Ademais débese garantir a distancia adecuada entre as liñas e que estas estean aliñadas horizontalmente no folio. Os parágrafos deben estar sangrados.

- En caso de traballos escritos, débese coidar a limpeza. Requírese que a letra sexa lexible.

- Estarán escritos por unha soa cara e unidas con grampas.

- Incluirán (sexa na **portada** (para os traballos) ou como **encabezamento** (para as tarefas e/ou textos) a seguinte información: **Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación** á que pertence o exercicio. En caso de traballos, á portada seguiralle un **Índice** que recolla os apartados e as páxinas nas que estes se atopan, numeradas a partir deste índice. E acabarán sinalando as **Fontes** de información.

- Desenvolverán a estrutura do tipo de texto que se pida a través de distintos parágrafos:
    - Para un **texto expositivo**:
        - Introdución
        - Exposición (só información, sen opinión)
        - Conclusión
    - Para un **texto argumentativo**:
        - Presentación (hipótese ou dilema e postura ante o mesmo)
        - Argumentación (polo menos tres argumentos que sosteñan a opinión)
        - Tese
    - Para un **comentario**:
        - Contextualización
        - Desenvolvemento (análise do contido e da forma)
        - Interpretación (opinión)

- Os **prazos** indicados polo profesorado serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

### c. PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROBAS ESCRITAS OU EXAMES

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin *tipex*.

- Salvo indicación en sentido contrario, as respostas aparecerán nos folios en branco, nunca na folla do exame.

- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección. Na medida do posible, evitaranse as tachas.
- É obrigatorio sangrar os parágrafos.
- Non se utilizarán padróns.
- As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome do alumno/a.
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregarase o mesmo mecanismo das notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame.

**Todos os Departamentos deberán ter en conta estas indicacións para avaliar o grao de competencia en comunicación, aprender a aprender e espírito emprendedor do seu alumnado.**

## 3.2. ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA

### a. MORFOLOXÍA

1. Empregarase a denominación "clases de palabras" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" en 4º e Bacharelato.

2. As clases de palabras serán:

   I. Substantivo
   II. Adxectivo ( a secas, sen engadir "cualificativo"),
   III. Verbo.
      I. Os tempos verbais :
         I. simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto , futuro, condicional
         I. compostos: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto,

pretérito anterior.

I. non persoais: infinitivo, xerundio e participio.

I. voces: activa, pasiva (voz media só en bacharelato)

- Adverbio ( adverbio relativo empregarase a partir de 4º ESO)
- Preposición
- Conxunción
- Interxección
- Pronome: O que está en lugar do nome. Tipos: Persoal
  - Demostrativo
  - Posesivo
  - Numeral (cardinal, ordinal)
  - Indefinidos
  - Interrogativos
  - Exclamativos
  - Relativos

3. A segmentación en morfemas

- ➢ MORFEMA: Parte máis pequena da palabra con significado. Ten significado léxico e gramatical
- ➢ Clasificación: Prefixo + raíz + interfixo+ sufixo: derivativo, alterativo e flexivo.

## b. SINTAXE (LGL e LCL)

I. O punto de partida en 1º ESO é a concordancia e as oracións inacabadas.

II. En 1ºESO deberíamos empezar coa terminoloxía propia da Gramática Funcional. Pero no resto dos cursos manteremos a terminoloxía da Gramática Tradicional até que o TIL se vaia incorporando en cada curso progresivamente (en 2017-18 incorporarase en 2ºESO, en 2018-19 incorporarase en 3ºESO, en 2019-20 incorporarase en 4ºESO, en 2020-21 incorporarase en Bacharelato)

III. Empregamos frase (se non ten verbo) e oración (se ten verbo).

Iς. Eliminamos dos mínimos os Estándares Avaliables referidos á Análise Sintáctica. (1º-2º ESO)

## 3.3. ACORDOS SOBRE CONTIDOS

### a. CONTIDOS. 1º TRIMESTRE

### b. CONTIDOS. 2º TRIMESTRE

### c. CONTIDOS. 3º TRIMESTRE

## 3.4. ACORDOS SOBRE INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

## 3.5. ACORDOS SOBRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN (Mínimos para acceder ao curso seguinte)

Toda a información relativa ao centro atópase aloxada na páxina web:
**http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/**
Os contidos, tarefas e recursos das distintas disciplinas, atópanse nas respectivas Aulas Virtuais de cada materia.
**http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/aulavirtual2/**